

3

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1.- **Demografía empresarial**

3.2.- **Sectores produtivos**

3.3.- **Sector exterior**

No contexto analizado de forte desaceleración do ritmo de crecemento económico, e cun axuste á devandita crise que se fai, en grande medida, vía emprego, este capítulo pretende analizar tres importantes cuestións: a incidencia da crise económica e financeira no desenvolvemento o tecido empresarial galego, a actividade produtiva das empresas de Galicia e finalmente, as características da súa actividade comercial.

O ano 2008 pode calificarse como un mal ano para o conxunto do sector empresarial galego e a súa actividade produtiva, tal e como se desprende, entre outros, dos seguintes indicadores:

- por primeira vez en quince anos rexístrase unha caída do número de empresas inscritas na Seguridade Social no réxime xeral e no réxime especial da minaría do carbón;
- descende novamente o número de sociedades constituídas por cada dez mil habitantes, mentres que pola contra, aumenta o índice de rotación empresarial;
- existencia dun elevado pesimismo dos empresarios galegos, que se vai facendo cada vez máis acusado a medida que avanza o ano;
- contracción do VEB xerado nos sectores primario, industrial e construción, así como unha desaceleración nas taxas de crecemento no caso do sector servizos.

No que atinxe á actividade comercial, o resto das Comunidades Autónomas conforman o principal mercado das empresas galegas, ao acoller as dúas terceiras partes das importacións e case o sesenta por cento do valor total das exportacións.

Galicia presenta en 2008 un incremento do seu déficit comercial motivado polo comportamento das relacións comerciais co resto do Estado. No último ano, o saldo negativo da balanza comercial de Galicia co resto das CC.AA. aumenta, mentres que no caso das relacións con terceiros países, o saldo é positivo. ■

3.1.- Demografía empresarial

A crise económica e financeira tivo unha incidencia importante no eido do desenvolvemento do tecido empresarial, tal e como o reflicte a caída, a primeira dende 1994, do número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no da minaría do carbón. Asemade, descende de xeito considerable o número de entidades mercantís creadas así como o volume de capital subscrito por ditas empresas.

En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia foi de 19, cinco menos que no ano anterior, cando a media estatal situouse en 22. Por contra, o índice de rotación sitúase por riba da media española, acadando un valor de 19 empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas (15 no ano anterior) fronte ás 16 de España (13 no ano 2007).

No concernente ás empresas de economía social, o número de sociedades cooperativas e laborais a 31 de decembro de 2008 acadou, en conxunto, as 1.895 sociedades, o que representa o 4,5% do total estatal. O 1,1% da poboación ocupada galega traballa nestas empresas (12.834 persoas), sendo esta porcentaxe do 2% no conxunto do Estado.

Empresas inscritas na Seguridade Social

O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón no derradeiro día de 2008 situouse en Galicia nos 87.472 empresas, o que representa o 6,6% das empresas españolas inscritas nestes dous réximes. Un reflexo do impacto da crise económica é o feito de que

por primeira vez dende o ano 1994 (primeiro ano da serie publicada polo Ministerio de Trabajo e Inmigración) descende o número de empresas inscritas tanto en Galicia como en España.

Atendendo á evolución ao longo dos dous últimos anos, se ben ata o mes de agosto de 2008 mantense o proceso de ralentización do incremento do número de empresas inscritas nestes réximes, a partir do mes de setembro do último ano, motivado polo agravamento da crise financeira, rexístrase un descenso continuado do número de empresas inscritas en Galicia.

En comparación co acontecido no resto do Estado, o **cadro 3.1.2.** reflicte como a partir do mes de agosto de 2007 a taxa de variación interanual do número de empresas inscritas no réxime xeral e no da minaría de carbón presenta en Galicia unha mellor evolución. No mes de decembro de 2008, o número de empresas descende en Galicia un 2,4% respecto á mesma data do ano anterior, sendo esta caída moito máis acusada no conxunto do Estado (5,3%).

A provincia de Pontevedra foi a que experimentou un maior impacto da crise, cunha caída de case mil cen empresas inscritas no derradeiro día de 2008 en relación aos datos rexistrados na mesma data do ano anterior, en tanto que en A Coruña, este descenso foi de 771 empresas. En termos relativos, a taxa de variación interanual situouse en Pontevedra no -3,2%, oito décimas por riba da media galega, sendo esta porcentaxe do -2,1% en A Coruña e do -1,3% e -0,8%, en Ourense e Lugo, respectivamente.


Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2005-2008 (1): Réxime Xeral e Réxime Especial da Minería do Carbón

	Galicia					España	Galicia / España (%)
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
2005	85.678	35.089	11.687	10.400	31.817	1.347.758	6,4
2006	87.868	35.956	12.017	10.559	32.829	1.386.157	6,3
2007	89.601	36.717	12.193	10.727	33.621	1.405.938	6,4
2008	87.472	35.946	12.093	10.591	32.538	1.332.090	6,6
2007							
Xaneiro	87.629	35.863	11.968	10.569	32.724	1.381.299	6,3
Febreiro	88.014	36.067	12.014	10.592	32.855	1.389.741	6,3
Marzo	88.529	36.254	12.100	10.631	33.071	1.404.686	6,3
Abril	88.747	36.246	12.138	10.688	33.203	1.409.921	6,3
Maio	89.133	36.402	12.213	10.723	33.344	1.418.300	6,3
Xuño	89.787	36.633	12.269	10.756	33.705	1.427.497	6,3
Xullo	90.374	36.775	12.263	10.802	34.123	1.419.985	6,4
Agosto	89.906	36.631	12.235	10.742	33.889	1.406.303	6,4
Setembro	89.848	36.658	12.258	10.760	33.800	1.414.604	6,4
Outubro	89.573	36.651	12.179	10.744	33.636	1.410.189	6,4
Novembro	89.754	36.793	12.201	10.740	33.673	1.412.041	6,4
Decembro	89.601	36.717	12.193	10.727	33.621	1.405.938	6,4
2008							
Xaneiro	89.037	36.474	12.175	10.648	33.389	1.396.633	6,4
Febreiro	89.272	36.575	12.208	10.681	33.476	1.400.589	6,4
Marzo	89.513	36.649	12.263	10.705	33.584	1.405.916	6,4
Abril	89.702	36.744	12.314	10.728	33.618	1.408.469	6,4
Maio	90.022	36.886	12.368	10.748	33.736	1.415.017	6,4
Xuño	89.757	36.716	12.292	10.746	33.686	1.406.150	6,4
Xullo	90.198	36.821	12.363	10.774	33.918	1.396.476	6,5
Agosto	90.032	36.743	12.346	10.765	33.855	1.384.206	6,5
Setembro	88.701	36.296	12.245	10.666	33.170	1.370.294	6,5
Outubro	88.468	36.304	12.199	10.670	32.985	1.360.362	6,5
Novembro	88.373	36.342	12.185	10.670	32.891	1.354.748	6,5
Decembro	87.472	35.946	12.093	10.591	32.538	1.332.090	6,6

(1) empresas inscritas o último día de cada período
Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.1.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2007-08 (1): Réxime Xeral e Réxime Especial da Minería do Carbón



(1) taxas de variación interanuais
Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.2.

Traballadores autónomos en Galicia e España 2008: principais características

	Galicia	España	G/E (%)
Sector de actividade	164.250	2.141.717	7,7
Agricultura	52.273	299.754	17,4
Industria	7.744	118.168	6,6
Construcción	18.823	304.541	6,2
Servizos	85.410	1.419.254	6,0
Situación profesional	328.500	4.283.434	7,7
Sen asalariados	134.627	1.730.230	7,8
Con asalariados	29.623	411.487	7,2
Sen pluriactividade	158.005	2.037.276	7,8
Con pluriactividade	6.245	104.441	6,0
Sexo	164.250	2.141.717	7,7
Homes	92.028	1.463.165	6,3
Mulleres	72.222	678.552	10,6
Idade	164.251	2.141.717	7,7
Menores de 25 anos	2.207	45.939	4,8
De 25 a 39 anos	39.881	655.759	6,1
De 40 a 54 anos	71.084	932.177	7,6
De 55 ou máis anos	51.079	507.842	10,1
Nacionalidade	164.250	2.141.717	7,7
Españoles	160.997	1.984.980	8,1
Estranxeiros	3.253	156.737	2,1
Antigüidade no negocio	164.250	2.141.717	7,7
Menos de 6 meses	5.279	97.731	5,4
De 6 a 11 meses	6.517	114.151	5,7
De 1 ano a 3 anos	57.769	541.533	10,7
De 3 a 5 anos	13.328	214.803	6,2
5 ou máis anos	81.357	1.173.499	6,9
Base de cotización	164.250	2.141.717	7,7
Mínima	128.464	1.784.895	7,2
Entre base/mínima e 1,5 base/mínima	20.807	132.313	15,7
Entre 1,5 e 2 base/mínima	6.803	79.532	8,6
Entre 2 e 3 base/mínima	7.454	127.540	5,8
Máis de 3 veces base/mínima	722	17.437	4,1

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.3.**• Perfil do traballador autónomo**

Xunto a estas sociedades mercantís inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón, cómpre deterse nas características dos traballadores autónomos, que constitúen un elemento importante do tecido empresarial. A 31 de decembro de 2008 había en Galicia un total de 244.913 afiliados por conta propia na Seguridade

Social (233.667 no réxime especial de traballadores autónomos), das que 164.250 persoas son autónomos propiamente ditos, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

O perfil maioritario destes empresarios é o de unha

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas nas CC.AA. 2008

	Sociedades creadas		Sociedades que amplían capital		Sociedades disoltas
	número	Capital suscrito (en miles de €)	número	Capital (en miles de €)	número (en miles de €)
Andalucía	15.694	772.226	6.110	3.380.828	2.664
Aragón	2.380	225.951	1.361	1.543.385	707
Asturias	1.570	139.072	686	4.647.939	381
Baleares	2.947	144.921	1.369	802.234	626
Canarias	3.729	85.796	1.553	556.384	585
Cantabria	844	26.882	280	1.108.186	205
Castela e León	3.791	270.647	1.830	793.719	740
Castela - A Mancha	4.715	98.798	1.602	527.640	252
Cataluña	18.541	909.528	9.456	8.236.256	1.922
C. Valenciana	11.809	1.393.888	4.269	2.812.529	1.714
Extremadura	1.625	48.892	603	259.436	282
Galicia	5.352	805.956	2.041	949.087	1.010
A Coruña	2.095	389.484	817	519.451	400
Lugo	684	17.313	227	72.603	109
Ourense	476	22.232	214	54.645	94
Pontevedra	2.097	376.927	783	302.388	407
Madrid	20.111	2.524.343	8.667	18.655.305	3.649
Murcia	3.236	103.503	1.319	921.240	105
Navarra	1.385	89.440	653	590.660	65
País Vasco	4.059	372.058	1.820	2.924.191	1.072
A Ríoxa	565	15.864	267	195.897	77
Ceuta e Melilla	95	1.385	33	16.342	39
Total	102.448	8.029.150	43.919	48.921.258	16.095

Fonte: INE, Estadística de sociedades mercantiles y otras sociedades

3.1.4.


persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, entre 40 e 54 anos (aínda cunha importante presenza de persoas con idades comprendidas entre 25 e 39 anos), español, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre salientar tanto a súa elevada presenza no sector agrícola, como o maior peso das mulleres e a importancia relativa do número de autónomos cunha base de cotización comprendida entre a mínima e 1,5 da base mínima.

Dinámica empresarial

Se no ano 2007 o inicio da crise financeira e a incerteza xerada traducíuse nunha caída lixeiramente por riba do 4% no número de sociedades mercantís creadas en Galicia e España, o feito de que se agudizara a crise en 2008 provocou unha caída de case un 20% no número de entidades mercantís creadas en Galicia e do 28,2% no caso de España. No último ano constituíronse na comunidade autónoma galega un total de 5.352 empresas, 1.326 sociedades menos que en 2007, o que representa o 5,2% das sociedades creadas no conxunto do Estado.

Sociedades mercantiles constituidas en Galicia e España 2003-08



Fonte: INE, Estadística de sociedades mercantiles y otras sociedades

3.1.5.

Sociedades mercantiles constituidas en Galicia e España 2007-08: distribución segundo forma xurídica e capital subscrito e desembolsado

	Galicia		España		Galicia/España	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008
(en miles de €)						
Total						
nº sociedades	6.633	5.352	141.986	102.448	4,7	5,2
Capital subscrito	881.489	805.956	13.676.882	8.029.148	6,4	10,0
Capital desembolsado	714.247	728.952	12.428.308	7.582.139	5,7	9,6
(en miles de €)						
Sociedades anónimas						
nº sociedades	70	66	1.923	1.296	3,6	5,1
Capital subscrito	442.653	252.306	3.446.137	1.933.273	12,8	13,1
Capital desembolsado	275.411	175.304	2.197.560	1.486.264	12,5	11,8
(en miles de €)						
Sociedades limitadas						
nº sociedades	6.563	5.286	140.049	101.133	4,7	5,2
Capital subscrito	438.835	553.647	10.230.307	6.094.208	4,3	9,1
Capital desembolsado	438.835	553.647	10.230.307	6.094.208	4,3	9,1

Fonte: INE, Estadística de sociedades mercantiles y otras sociedades

3.1.6.

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas en Galicia no último ano descendeu case un 9%, acadando os 806,0 millóns de euros, dos que foron desembolsados 729,0 millóns, un 1,6% máis que en 2007. Cómpre salientar que no conxunto do Estado tanto o capital subscrito como o desembolsado descendeu a taxas en torno ao 40%.

Os datos do Rexistro mercantil reflicten que Pontevedra foi a provincia co maior descenso de sociedades constituídas, con 690 empresas menos que en 2007, seguida de A Coruña, con 478 menos. Estas dúas provincias acollen o 78,3% das sociedades constituídas (2.097 e 2.095 empresas, respectivamente), case dous puntos porcentuais menos que no ano anterior. Por contra, en Lugo mantívose practicamente constante o número de empresas constituídas, con 684 sociedades, tan só dúas menos que no ano precedente.

No que atinxe ao capital subscrito e desembolsado, cómpre salientar que en Pontevedra, a pesar da caída de case un 25% do número de empresas constituídas, o capital subscrito medrou un 171,9% e o desembolsado un 131,9% respecto aos datos rexistrados en 2007.

Se se considera a ratio “número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes” o indicador da taxa de creación de empresas, cómpre salientar que Galicia creou no último ano 19 sociedades por cada dez mil habitantes (22 no conxunto do Estado), situándose tan só por diante de Cantabria, con 14 sociedades, Castela e León e Estremadura, con 15, e Aragón, Canarias e A Ríoxa, con 18.

Pontevedra presenta no último ano considerado unha taxa similar á media española, en tanto que Ourense, tras unha caída de case o 25% do número de sociedades constituídas, segue amosando o cociente máis baixo, con 14 empresas por cada 10.000 habitantes.

No conxunto do ano 2008 mantívose practicamente constante o número de empresas que se disolveron en Galicia. Este acadou as 1.010 sociedades mercantís, tres máis que 2007, o que representa o 6,3% das empresas disoltas en España no último ano. Se se considera o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións, na comunidade autónoma galega disolvéronse un total de 19 empresas por cada cen sociedades constituídas, tres máis que a media estatal. Comparado co rexistrado no ano anterior, cómpre salientar que esta ratio medrou en Galicia catro puntos, sendo este incremento de tres puntos en España.

Este índice de rotación presenta un valor superior á media española en todas as provincias galegas agás en Lugo, cun valor similar (16 sociedades). Ourense rexistra en 2008 un índice de rotación de 20 sociedades disoltas por cada cen constituídas, en tanto que en A Coruña e Pontevedra esta ratio é de 19 sociedades.

Empresas de economía social

No último ano Galicia presenta unha lixeira medra do número de cooperativas activas ou en funcionamento, manténdose practicamente constante o de socios

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2007-08

	2007				2008			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	5.565	22,5	62.422	20,0	5.228	21,1	59.998	19,2
Aragón	921	3,7	8.272	2,7	881	3,6	7.754	2,5
Asturias	287	1,2	3.601	1,2	276	1,1	3.281	1,1
Baleares	201	0,8	2.608	0,8	212	0,9	2.722	0,9
Canarias	380	1,5	6.118	2,0	363	1,5	5.868	1,9
Cantabria	89	0,4	1.312	0,4	108	0,4	1.300	0,4
Castela-A Mancha	1.541	6,2	12.757	4,1	1.519	6,1	12.481	4,0
Castela e León	1.486	6,0	11.270	3,6	1.455	5,9	10.624	3,4
Cataluña	5.621	22,7	39.499	12,7	5.356	21,6	38.522	12,3
C. Valenciana	3.247	13,1	56.148	18,0	3.028	12,2	56.179	18,0
Extremadura	734	3,0	6.935	2,2	706	2,8	6.203	2,0
Galicía	898	3,6	8.189	2,6	924	3,7	8.159	2,6
A Coruña	324	1,3	2.639	0,8	331	1,3	2.573	0,8
Lugo	163	0,7	1.075	0,3	174	0,7	1.151	0,4
Ourense	158	0,6	2.059	0,7	157	0,6	1.996	0,6
Pontevedra	253	1,0	2.416	0,8	262	1,1	2.439	0,8
Madrid	1.069	4,3	14.806	4,7	1.111	4,5	15.647	5,0
Murcia	1.663	6,7	18.152	5,8	1.580	6,4	17.717	5,7
Navarra	309	1,2	5.262	1,7	321	1,3	6.258	2,0
País Vasco	1.491	6,0	58.238	18,7	1.511	6,1	57.512	18,4
Rioxa	165	0,7	1.520	0,5	158	0,6	1.297	0,4
Ceuta e Melilla	47	0,2	433	0,1	42	0,2	400	0,1
Total	25.714	104	317.542	102	24.779	100	311.922	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.7.**Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2007-08**

	2007				2008			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	228	20,0	1.613	17,0	204	19,8	2.892	24,3
Aragón	50	4,4	283	3,0	42	4,1	441	3,7
Asturias	14	1,2	59	0,6	14	1,4	71	0,6
Baleares	15	1,3	63	0,7	17	1,6	58	0,5
Canarias	7	0,6	35	0,4	11	1,1	66	0,6
Cantabria	5	0,4	20	0,2	3	0,3	13	0,1
Castela - A Mancha	53	4,6	2.030	21,4	37	3,6	1.488	12,5
Castela e León	80	7,0	519	5,5	59	5,7	289	2,4
Cataluña	128	11,2	570	6,0	92	8,9	400	3,4
C. Valenciana	120	10,5	630	6,6	108	10,5	541	4,5
Extremadura	25	2,2	238	2,5	19	1,8	77	0,6
Galicía	32	2,8	668	7,0	47	4,6	1.318	11,1
A Coruña	3	0,3	31	0,3	11	1,1	310	2,6
Lugo	1	0,1	6	0,1	-	-	-	-
Ourense	-	-	-	-	5	0,5	21	0,2
Pontevedra	7	0,6	168	1,8	8	0,8	493	4,1
R.A. Galicia	21	1,8	463	4,9	23	2,2	494	4,2
Madrid	119	10,4	514	5,4	104	10,1	450	3,8
Murcia	149	13,1	637	6,7	120	11,6	473	4,0
Navarra	21	1,8	258	2,7	25	2,4	530	4,5
País Vasco	63	5,5	1.202	12,7	73	7,1	2.505	21,1
Rioxa	2	0,2	10	0,1	7	0,7	69	0,6
Ceuta e Melilla	1	0,1	7	0,1	2	0,2	9	0,1
Rexistro Central	28	2,5	135	1,4	48	4,7	201	1,7
Total	1.140	100	9.491	100	1.032	100	11.891	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.8.

Sociedades cooperativas constituídas 2007-08: distribución segundo clase
2007

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Traballo asociado	1	4	-	-	-	-	4	15	8	57	13	76
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	-	-	-	-	-	-	2	142	7	306	9	448
Agrarias	2	27	1	6	-	-	-	-	6	100	9	133
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	1	11	-	-	1	11
Total	3	31	1	6	-	-	7	168	21	463	32	668

2008

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Traballo asociado	1	4	-	-	3	13	2	11	7	26	13	54
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	1	32	1	32
Vivendas	9	302	-	-	-	-	4	473	2	133	15	908
Agrarias	1	4	-	-	2	8	-	-	5	52	8	64
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	1	45	1	45
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	2	23	2	23
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	1	11	1	11
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	3	164	3	164
Outros	-	-	-	-	-	-	2	9	1	8	3	17
Total	11	310	-	-	5	21	8	493	23	494	47	1.318

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.9.

iniciais. A 31 de decembro de 2008 o número de sociedades situouse nas 924 (26 máis que na mesma data do ano anterior) e o de socios iniciais en 8.159, trinta persoas menos que en 2007. En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 3,7% das sociedades cooperativas e o 2,6% dos traballadores neste tipo de empresas. Asemade, cómpre salientar que, ao igual que nos anos anteriores, existe unha importante concentración das sociedades cooperativas en Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto acollen o 54,9% das cooperativas españolas e o 49,6% dos traballadores.

A provincia con maior número de cooperativas segue sendo A Coruña, con 331 sociedades e 2.573 traballadores, o que significa unha media de 8 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9 traballadores (13 no conxunto do Estado). Ourense e Pontevedra presentan un tamaño medio superior ao galego, con 13 e 9 traballadores por cooperativa, respectivamente.

Ao longo do ano 2008 constituíronse en Galicia un total de 47 sociedades cooperativas, cun total de 1.318 socios iniciais, o que representou o 4,6% do total de

Sociedades laborales existentes nas CC.AA. 2007-08

	2007				2008			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	4.716	23,9	28.728	23,0	4.197	23,8	21.279	21,0
Aragón	637	3,2	2.984	2,4	590	3,3	2.403	2,4
Asturias	589	3,0	3.696	3,0	568	3,2	3.434	3,4
Baleares	211	1,1	1.100	0,9	169	1,0	953	0,9
Canarias	668	3,4	2.982	2,4	588	3,3	2.521	2,5
Cantabria	164	0,8	1.410	1,1	148	0,8	1.236	1,2
Castela -A Mancha	1.798	9,1	10.426	8,4	1.639	9,3	8.042	7,9
Castela e León	986	5,0	4.833	3,9	888	5,0	3.967	3,9
Cataluña	1.779	9,0	10.883	8,7	1.634	9,3	9.463	9,3
C. Valenciana	1.755	8,9	10.604	8,5	1.457	8,3	8.041	7,9
Extremadura	480	2,4	3.026	2,4	435	2,5	2.284	2,3
Galicia	1.070	5,4	5.616	4,5	971	5,5	4.675	4,6
A Coruña	320	1,6	1.770	1,4	288	1,6	1.431	1,4
Lugo	187	0,9	869	0,7	167	0,9	757	0,7
Ourense	158	0,8	589	0,5	152	0,9	522	0,5
Pontevedra	405	2,1	2.388	1,9	364	2,1	1.965	1,9
Madrid	2.147	10,9	13.012	10,4	1.934	11,0	10.936	10,8
Murcia	1.100	5,6	7.294	5,8	963	5,5	5.355	5,3
Navarra	496	2,5	4.135	3,3	456	2,6	3.682	3,6
País Vasco	1.023	5,2	13.561	10,9	931	5,3	12.565	12,4
Rioxa	69	0,4	422	0,3	68	0,4	423	0,4
Ceuta e Melilla	13	0,1	72	0,1	14	0,1	72	0,1
Total	19.701	100	124.784	100	17.650	100	101.331	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.10.**Sociedades laborales rexistradas nas CC.AA. 2007- 08**

	2007				2008			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	% / total		% / total		% / total		% / total	
Andalucía	668	28,5	2.346	28,7	417	27,5	1.545	27,3
Aragón	66	2,8	223	2,7	51	3,4	180	3,2
Asturias	132	5,6	457	5,6	75	5,0	265	4,7
Baleares	29	1,2	114	1,4	11	0,7	38	0,7
Canarias	80	3,4	271	3,3	42	2,8	149	2,6
Cantabria	8	0,3	27	0,3	5	0,3	18	0,3
Castela - A Mancha	200	8,5	700	8,5	99	6,5	343	6,1
Castela e León	100	4,3	366	4,5	92	6,1	311	5,5
Cataluña	214	9,1	730	8,9	196	12,9	818	14,5
C. Valenciana	209	8,9	752	9,2	125	8,3	434	7,7
Extremadura	42	1,8	155	1,9	31	2,0	116	2,1
Galicia	111	4,7	391	4,8	45	3,0	162	2,9
A Coruña	20	0,9	71	0,9	11	0,7	38	0,7
Lugo	16	0,7	54	0,7	10	0,7	38	0,7
Ourense	21	0,9	67	0,8	7	0,5	27	0,5
Pontevedra	54	2,3	199	2,4	17	1,1	59	1,0
Madrid	227	9,7	813	9,9	147	9,7	592	10,5
Murcia	145	6,2	496	6,1	111	7,3	384	6,8
Navarra	40	1,7	40	0,5	33	2,2	116	2,1
País Vasco	66	2,8	290	3,5	31	2,0	173	3,1
Rioxa	4	0,2	17	0,2	2	0,1	8	0,1
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	1	0,1	3	0,1
Total	2.341	100	8.188	100	1.514	100	5.655	100

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.11.

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2007-08: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2007		2008		2007		2008	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Agrario	-	-	-	-	19	61	16	55
Non agrario	111	391	45	162	2.322	8.229	1.498	5.600
Industria	16	56	10	38	324	1.245	209	777
Construción	19	63	4	15	576	1.996	280	1.021
Servizos	76	272	31	109	1.422	4.988	1.009	3.802
Total	111	391	45	162	2.341	8.290	1.514	5.655

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.12.

cooperativas constituídas en España e máis dun 11% dos socios. En relación ao ano anterior, cómpre salientar o incremento tanto do número de cooperativas constituídas, quince máis que no ano precedente, como de cooperativistas, con 650 socios máis.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de vivenda, con 15 sociedades, por diante das trece correspondentes á “traballo asociado” e as oito cooperativas agrarias. En termos do número de cooperativistas, as de vivenda acollen case o 70% dos socios iniciais.

O número de sociedades laborais en España descendeu ao logo do ano 2008 en máis de 2.000 empresas, acadando a 31 de decembro dese ano as 16.650 sociedades (SA e SL). Galicia tiña 971 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (99 menos que no ano anterior), un 5,5% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 4.675 socios iniciais, o que representa o 4,6% dos socios no conxunto do Estado (101.321 socios iniciais). De xeito simi-

lar ao ano anterior, case o 58% das sociedades e o 61,5% dos socios iniciais concéntranse nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco e C. Valenciana (**cadro 3.1.10.**).

O número de sociedades laborais rexistradas e o seu número de socios descendeu ao longo do ano 2008 en relación ao ano anterior. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 45 sociedades laborais (111 en 2007), que agruparon a 162 socios (229 menos que no ano precedente). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3% do total das sociedades laborais rexistradas e o 2,9% do socios iniciais destas sociedades.

O sector servizos acolle en torno ao 70% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (31 sociedades) e dos socios (109 socios iniciais). Asemade, cómpre salientar, dunha banda, que ao igual que o acontecido no ano anterior, no sector primario non se rexistrou ningunha sociedade laboral, e doutra, o descenso do número de sociedade e socios nos tres sectores non agrarios.

Traballadores da economía social en Galicia e España 2008⁽¹⁾: principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
Sexo						
Varóns	60,2	57,4	59,6	63,2	61,3	57,2
Mulleres	39,8	42,6	40,4	36,8	38,7	42,8
Idade						
Menores de 25 anos	8,1	8,1	10,3	4,9	9,0	8,9
De 25 a 39 anos	43,1	42,0	46,3	39,8	44,8	45,3
De 40 a 54 anos	36,2	36,2	34,4	41,6	33,8	35,2
De 55 anos ou máis	12,6	13,8	9,0	13,7	12,4	10,7
Lugar de orixe						
España	97,1	98,3	96,3	97,0	96,5	90,3
Estranxeiro	2,9	1,7	3,7	3,0	3,5	9,7
Tipo de relación						
Indefinida	75,9	73,5	78,4	81,9	73,4	72,1
Temporal	24,1	26,5	21,6	18,1	26,6	27,9
Tipo de xornada						
Tempo completo	84,0	82,0	86,7	90,9	80,4	83,6
Tempo parcial	16,0	18,0	13,3	9,1	19,6	16,4
Antigüidade no negocio						
Ata 6 meses	16,2	18,5	16,1	10,4	17,3	32,9
De 6 meses a un ano	9,6	9,1	10,1	7,7	10,8	9,3
De 1 a 3 anos	21,6	22,3	21,7	15,0	24,5	20,1
De 3 a 5 anos	13,3	12,6	15,4	13,2	13,2	10,6
Máis de 5 anos	39,2	37,4	36,7	53,7	34,2	27,2
Tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	24,4	24,4	33,3	18,5	23,9	
6-10 traballadores	17,0	20,3	17,7	10,2	17,3	
11-25 traballadores	19,1	26,0	16,5	11,5	18,2	
26-50 traballadores	14,1	13,7	11,0	8,2	18,8	
51-100 traballadores	8,4	5,8	13,2	6,4	9,7	
101-250 traballadores	8,6	9,2	7,3	2,1	12,0	
Máis de 250 traballadores	8,4	0,5	1,0	43,1	0,1	
Sector de actividade						
Agricultura	7,0	3,9	9,4	19,1	1,6	
Industria	28,9	24,5	27,8	36,3	29,1	
Construción	11,7	10,5	9,2	11,7	14,0	
Servizos	52,3	61,1	53,6	32,8	55,4	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
 Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

3.1.13.

No concernente ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.13.**, cómpre salientar que en Galicia, ao igual que no conxunto do Estado, case catro de cada dez persoas que traballan nestas sociedades son mulleres; que o 43,1% dos traballadores

teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e case o 36,2%, entre 40 e 54 anos; e que un 84% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que máis da metade dos

Certificacións de calidade e xestión medioambiental en Galicia 2004-07

	2004	2005	2006	2007
Certificación Norma ISO 9000				
Nº de empresas certificadas	2.022	2.481	2.815	3.336
Certificacións Galicia / España (%)	5,0	4,9	4,9	5,12
Certificación Norma ISO 14000				
Nº de empresas certificadas	398	536	579	814
Certificacións Galicia / España (%)	6,1	5,9	5,2	5,88
Certificación Norma EMAS				
Nº de empresas certificadas	27	62	95	154
Certificacións Galicia / España (%)	5,1	9,6		

Fonte: IGE

3.1.14.

traballadores galegos -excluídos os autónomos- mantén unha relación superior a tres anos (37,8% de media no conxunto do Estado) e que un 16,2% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (32,9% en España). Galicia salienta polo reducido tamaño das sociedades de economía social, xa que no 41,4% das sociedades traballan menos de 10 persoas (51% nas sociedades de Lugo), e tan só no 17% das mesmas hai máis de cen traballadores (45,2% en Ourense).

Esfuerzo pola calidade

O número de certificacións de calidade e xestión medioambiental, indicador do nivel de competitividade dun país, continuou medrando de xeito importante en Galicia ao longo do ano 2007 (último dato dispoñible). Os datos presentados polo IGE indican que o número de empresas certificadas coa Norma ISO 9000 e coa ISO 14.000 ascendeu a 3.336 e 814, respectivamente, en tanto que 154 empresas galegas

posuían a certificación medioambiental (norma EMAS).

Segundo as empresas analizadas por Ardán, o 24,5% das empresas con certificación de calidade o medioambiental pertencían ao grupo de fabricantes, onde salientan as empresas de fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, onde á súa vez salientan, polo seu nivel de facturación as actividades de forxa, estampación e embutición de metais e as actividades de fabricación de estruturas metálicas entre outras. ■

3.2.- Sectores produtivos

O **Produto Interior Bruto (PIB)** a prezos de mercado, prezos constantes, rexistrou no conxunto do ano 2008 unha forte minoración da súa taxa de crecemento, que se situou no 1,8%, seis décimas por riba da media española e nove décimas superior á media europea. Cómpre salientar que os datos trimestrais reflicten que esta desaceleración da economía galega faise máis acusada a medida que avanza o ano, acadando unha taxa de variación interanual do 0,3% no derradeiro trimestre do ano.

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que todos os sectores produtivos, agás o terciario, presentan unha taxa de variación interanual negativa, destacando o enerxético e o industrial, con caídas do 2,1% e 1,6%, respectivamente. Por contra, o sector servizos presenta unha medra do 3,8%, catro décimas por baixo do rexistrado en 2007.

Tendo en conta as taxas de crecemento da economía de Galicia e de España, o peso relativo da economía galega no total estatal mantense relativamente constante ao longo dos últimos anos. Como reflicte o **cadro 1.4.1. [Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2002-08]**, o peso do PIB galego a prezos de mercado no total estatal sitúase no 5,11% en 2002 e no 5,15% de 2008.

O deterioro do ritmo de crecemento da actividade económica trasladouse directamente ao mercado de traballo galego, que se caracteriza tanto por un elevado incremento do desemprego como pola forte minoración da medra da ocupación. En 2008, a construción foi a rama de actividade que presentou o maior

descenso da ocupación, cunha caída do 5,6% do número de persoas ocupadas, por diante do sector primario e a enerxía, cun 3,8% e 2,2%, respectivamente. Ao igual que no caso da produción, a ocupación no sector servizos amosa unha ralentización no seu ritmo de crecemento, cunha medra do número de persoas ocupadas do 2,5%.

A produtividade aparente do factor traballo, medida como o cociente entre o PIB a prezos de mercado (prezos correntes) e a ocupación, tras unha medra do 4,2% respecto ao ano anterior, situouse en Galicia nos 47.008,07 euros por ocupado (o 87% da media española). Os sectores primario e industrial seguen presentando as produtividades aparentes máis baixas, acadando o 71,3% da media española no caso do sector primario e o 83,9% no caso da industria. A produtividade aparente dos sector servizos é do 87% da media estatal mentres que no sector da construción, a produtividade aparente do factor traballo segue sendo superior á media española (107,8%).

Sector primario e industrias relacionadas

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) experimentou en 2008 unha taxa de crecemento negativa respecto á produción do ano anterior. No último ano, a actividade produtiva neste sector se contrae un 1,1%, cando no ano precedente medrara un 2,3%. Dende a perspectiva trimestral, as taxas interanuais de crecemento experimentaron valores negativos no segundo e cuarto trimestres do ano, sendo á mais elevada a rexistrada no derradeiro trimestre, cun -3,9%.

VEB e emprego 2007-08 : distribución segundo sectores económicos

	2007		2008	
	VEB (1)	Emprego (2)	VEB	Emprego
	(taxas de variación interanuais)			
Primario	2,3	-3,0	-1,1	-3,8
Industria				
Energía	1,8	-6,1	-2,1	-2,2
Industria	4,3	2,8	-1,6	-0,9
Construción	4,3	3,8	-0,3	-5,6
Servizos		3,6		2,5
de mercado	4,3	3,8	3,4	2,8
non de mercado	4,0	3,1	5,1	2,0
Total PIB pm	4,0		1,8	
Total emprego		2,8		0,4

(1) VEB a prezos constantes (base 2000)

(2) os datos do emprego corresponden a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contabilidade trimestral de Galicia

3.2.1.
PIB (1) a prezos de mercado das CC.AA. 2008: distribución segundo ramas de actividade

	Agricultura, gandería e pesca		Energía		Industria		Construción		Servizos		VEB prezos básicos	
	(%)		(%)		(%)		(%)		(%)		(%)	
Andalucía	6.351.429	22,9	3.711.153	13,2	11.849.002	8,1	19.293.027	16,6	96.038.518	14,0	137.243.129	13,7
Aragón	1.472.482	5,3	1.087.196	3,9	6.073.380	4,2	3.572.152	3,1	19.262.138	2,8	31.467.348	3,1
Asturias	389.761	1,4	975.642	3,5	3.915.042	2,7	3.063.722	2,6	13.514.877	2,0	21.859.044	2,2
Baleares	260.104	0,9	536.962	1,9	1.288.778	0,9	2.599.007	2,2	20.466.379	3,0	25.151.230	2,5
Canarias	490.648	1,8	981.505	3,5	1.736.402	1,2	4.479.681	3,9	32.118.174	4,7	39.806.410	4,0
Cantabria	372.647	1,3	292.504	1,0	2.570.697	1,8	1.672.263	1,4	7.957.003	1,2	12.865.114	1,3
Castela e León	3.712.101	13,4	2.049.927	7,3	8.062.738	5,5	6.373.671	5,5	33.372.173	4,9	53.570.610	5,3
Castela-A Mancha	3.067.541	11,0	966.633	3,4	4.878.140	3,4	4.771.489	4,1	20.142.868	2,9	33.826.671	3,4
Cataluña	2.655.820	9,6	3.902.911	13,9	36.693.278	25,2	18.700.981	16,1	124.926.705	18,2	186.879.695	18,7
C. Valenciana	2.091.487	7,5	2.142.237	7,6	14.752.313	10,1	11.949.132	10,3	66.299.189	9,7	97.234.358	9,7
Extremadura	1.291.660	4,6	600.910	2,1	1.136.422	0,8	2.669.656	2,3	10.925.111	1,6	16.623.759	1,7
Galicia	2.267.227	8,2	1.977.818	7,0	7.858.173	5,4	6.833.788	5,9	32.714.888	4,8	51.651.894	5,2
Madrid	287.883	1,0	5.158.013	18,3	18.525.934	12,7	17.891.397	15,4	135.909.767	19,9	177.772.994	17,7
Murcia	1.416.884	5,1	825.347	2,9	3.266.368	2,2	3.078.646	2,7	17.193.743	2,5	25.780.988	2,6
Navarra	497.297	1,8	409.578	1,5	4.531.022	3,1	1.822.415	1,6	9.836.091	1,4	17.096.403	1,7
País Vasco	652.903	2,4	2.283.033	8,1	16.576.368	11,4	6.070.130	5,2	37.284.367	5,4	62.866.801	6,3
A Ríoxa	488.423	1,8	127.893	0,5	1.792.303	1,2	835.890	0,7	4.189.272	0,6	7.433.781	0,7
Ceuta e Melilla	12.703	0,0	109.738	0,4	67.640	0,0	252.953	0,2	2.398.075	0,4	2.841.109	0,3
Total	27.779.000	100	28.139.000	100	145.574.000	100	115.930.000	100	684.549.338	100	1.001.971.338	100

(1) PIB a prezos básicos (prezos correntes) calculado coa 1ª estimación para o 2008; datos en miles de euros

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

3.2.2.

En termos absolutos, o VEB en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) acadou en 2008, segundo os datos da Contabilidade regional do INE, os 2.267,2 millóns de euros, o que representa o 8,2% do VEB xerado polo sector no conxunto das CC.AA. A pesar de que descende lixeiramente o seu peso relativo no total estatal, Galicia mantense como a quinta comunidade con maior importancia relativa por detrás de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha e Cataluña.

No que atinxe ao peso do VEB no conxunto da economía galega, cómpre salientar que o sector primario galego ten un peso superior ao rexistrado no conxunto do Estado, ao representar o 4,4% do seu VEB a prezos básicos xerado (prezos correntes), 1,6 puntos por riba da media en España.

No que á ocupación se refire, no último ano mantense o proceso de redución do emprego no sector. Segundo os datos da EPA, o número de traballadores ocupados no conxunto das actividades agrícolas, pesqueiras e forestais descendeu en 6.700 persoas (un 6,5% respecto ao ano anterior), acadando as 96.500 persoas. A importancia relativa da ocupación no total galego acadou no último ano o 8%, sendo esta porcentaxe máis de tres puntos e medio por riba do peso relativo do VEB xerado polo sector (4,4%). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 11,8% das persoas ocupadas nestas ramas de actividade, sete décimas menos que en 2007.

Se consideramos tanto as ramas primarias como as

súas industrias relacionadas co subsector da alimentación e da madeira, o número de persoas ocupadas neste sector primario “ampliado” superaría os 150.000 traballadores. Estas actividades acollen o 12,6% das ocupacións totais en Galicia, sendo esta porcentaxe do 7,1% no conxunto do Estado.

No que atinxe á distribución xeral da terra, o **cadro 3.2.3.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 29,1% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 50,4%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 13,5% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 34,8%. Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 60,6% da superficie total galega, ascendendo esta porcentaxe ao 36,7%, no conxunto do Estado. O peso relativo da superficie correspondente a prados e pasteiros é similar en Galicia e España, con case un 16% cada unha.

• Subsector agrogandeiro

Unha das principais dificultades á hora de analizar a situación da actividade do sector primario radica no desfase temporal dos datos. Os últimos indicadores das macromagnitudes agrarias, que reflicten o movemento económico xerado ao redor do sector agrario nun exercicio, fan referencia ao ano 2005 e indican que a renda agraria acadou nese ano os 1.045,6 millóns de euros. O **cadro 3.2.4.** reflicte que o 29% da renda agraria (302,9 millóns de euros) xerouse en A Coruña, situándose esta porcentaxe no 28,8% (301,1

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2008

	Galicia		España		G/E
	(en Ha.)	(%)	(en Ha.)	(%)	(%)
Total superficie cultivada	397.938	13,5	17.568.468	34,8	2,26507
Cereais gran	40.933	1,4	6.932.676	13,72	0,59044
Leguminosas gran	1.034	0,0	174.359	0,35	0,59288
Tubérculos consumo humano	13.015	0,4	65.639	0,13	19,8287
Industriais	-	-	866.737	1,72	0
Forraxeiras	252.642	8,5	865.307	1,71	29,1968
Hortalizas e flores	2.943	0,1	229.033	0,45	1,28485
Barbeitos e posíos	31.019	1,0	3.179.037	6,29	0,97573
Frutais cítricos	-	-	332.626	0,66	0
Frutais non cítricos	7.351	0,2	1.014.181	2,01	0,72483
Víñedo	26.102	0,9	1.148.492	2,27	2,27273
Olivar	-	-	2.552.727	5,05	0
Outros cultivos leñosos	-	-	52.881	0,10	0
Viveiros	734	0,0	17.116	0,03	4,29042
Invernadeiros vacíos	51	0,0	33.705	0,07	0,15206
Hortos familiares	22.114	0,7	103.952	0,21	21,2729
Total prados e pasteiros	461.564	15,6	7.922.601	15,7	5,8
Total superficie forestal	1.791.092	60,6	18.569.637	36,7	9,6
Chopo	573	0,0	135.720	0,3	0,4
Coníferas	324.841	11,0	5.866.686	11,6	5,5
Frondosas crecemento lento	320.348	10,8	3.112.315	6,2	10,3
Frondosas crecemento rápido	273.784	9,3	697.310	1,4	39,3
Coníferas e frondosas	257.233	8,7	1.339.788	2,7	19,2
Matorral	614.314	20,8	7.417.818	14,7	8,3
Outras superficies	307.257	10,4	6.476.222	12,8	4,7
Erial	2.301	0,1	1.425.576	2,8	0,2
Espartizal	-	-	227.328	0,4	-
Baldío	49.538	1,7	953.158	1,9	5,2
Improdutivo	35.598	1,2	1.068.742	2,1	3,3
Augas interiores	16.693	0,6	541.927	1,1	3,1
Non agrícola	203.126	6,9	2.259.490	4,5	9,0
Superficie total	2.956.485	100	50.536.928	100	5,9
Superficie Agraria Útil (1)	859.502	29,1	25.491.069	50,4	3,4

(1) a superficie agraria útil inclúe as terras de cultivos e os prados e pasteiros exclusivamente, mentres que en anos anteriores incluía tamén o monte aberto.

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

3.2.3.

Macromagnitudes agrarias 2005: renda agraria (1)

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en millóns de €)				
A - Conta de produción					
Produción da rama agraria	2.124,6	644,6	655,0	370,3	454,7
Consumos intermedios	952,3	295,6	338,2	177,6	140,9
Valor Engadido Bruto a prezos básicos	1.172,4	349,0	316,8	192,7	313,8
Consumo de capital fixo	250,4	81,8	89,9	43,2	35,5
Bens de equipamento	219,0	73,6	82,5	34,2	28,8
Construcións	31,3	8,2	7,4	9,0	6,7
Valor Engadido Neto a prezos básicos	922,1	267,2	226,9	149,6	278,3
B - Conta de explotación					
Outros impostos sobre a produción	3,9	1,5	1,6	0,4	0,4
Outras subvencións á produción	127,4	37,2	46,1	20,9	23,2
Renda agraria	1.045,6	302,9	271,5	170,1	301,1

(1) as macromagnitudes agrarias reflicten o movemento económico xerado ao redor do sector agrario nun exercicio.

Fonte: Consellería do Medio Rural

3.2.4.

Macromagnitudes do subsector agrícola e gandeiro 2005

	Producción final	Subvención	Valor a prezos básicos
	<i>(en miles de €)</i>		
Total subsector agrícola	647.350,2	18.408,0	665.758,2
Cereais	42.181,5	9.641,0	51.822,5
Leguminosas	7.913,1		7.913,1
Pallas	4.169,0		4.169,0
Patacas	120.629,9		120.629,9
Cultivos forraxeiros	1.764,4	8.767,0	10.531,4
Pastos accidentais e prados naturais	94.630,3		94.630,3
Hortalizas	130.517,9		130.517,9
Cítricos	1.649,5		1.649,5
Froitas non cítricas	58.085,6		58.085,6
Uvas	97.299,7		97.299,7
Viño e subprodutos	57.413,9		57.413,9
Flores e plantas ornamentais	31.095,3		31.095,3
Outros			-
Total subsector gandeiro	1.324.963,4	73.138,0	1.398.101,4
Carne e gando	604.702,8	73.138,0	677.840,8
Vacún	254.493,9	69.422,0	323.915,9
Ovino	2.441,5	3.716,0	6.157,5
Caprún	1.394,0		1.394,0
Porcino	132.970,0		132.970,0
Aves de corral	190.451,3		190.451,3
Coellos	20.203,9		20.203,9
Equino	2.748,2		2.748,2
Producións animais	720.260,6		720.260,6
Leite	660.774,8		660.774,8
Ovos	53.801,7		53.801,7
La	82,8		82,8
Esterco			-
Traballo animal			-
Varios	5.601,3		5.601,3

Fonte: Consellería do Medio Rural

3.2.5.

millóns de euros) en Pontevedra e no 26% e 16,3%, respectivamente, en Lugo e Ourense (271,5 e 170,1 millóns de euros, respectivamente).

O valor final da produción das ramas agrarias ascendeu a 2.124,6 millóns de euros, dos que o 62,5% corresponde o subsector gandeiro, fronte ao 30,5% do subsector agrícola. O valor engadido bruto a prezos básicos acadou os 1.172,4 millóns de euros e o consumo de capital fixo os 250,4 millóns, polo que o valor eng-

dido neto a prezos básicos ascendeu a 922,1 millóns de euros. O 30,2% do valor engadido neto xerouse na provincia de Pontevedra, e un 29%, en A Coruña.

No que atinxe aos consumos intermedios, que inclúen todos os gastos xerados no proceso de produción dos distintos subsectores, estes acadaron no ano 2005 (último dato dispoñible) un valor de 952,3 millóns de euros. Desta contía, a provincia de Lugo representa o 35,5% e a de A Coruña, o 31%.

O ano 2008 caracterizouse pola forte redución experimentada polo consumo de elementos fertilizantes en Galicia, descenso que se produce tanto no caso dos fertilizantes nitroxenados, fosfatados e potásicos. No último ano consumíronse un total de 34,6 miles de toneladas de elementos fertilizantes, un 49,8% menos que no ano anterior, o que a converte na novena comunidade en canto ao consumo dos mesmos, por detrás de Andalucía, Castela León, a Comunidade Valenciana, Castela-A Mancha, Aragón, Cataluña, Murcia e Estremadura. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o 2,5% do total consumido en España, un punto porcentual menos que en 2007.

O valor total da produción final da actividade agrícola en 2005 (último dato dispoñible) acadou os 665,8 millóns de euros (as subvencións ascenderon a 18,4 millóns de euros). En termos de valor, a produción máis importante corresponde ás hortalizas, con case a quinta parte do valor total, seguida pola produción de patacas e pastos accidentais e prados naturais, co 18,1% e 14,7%, respectivamente (**cadro 3.2.5.**).

Pola súa banda, a produción final do subsector gandeiro ascendeu ata os 1.398,1 millóns de euros (valor a prezos básicos), dos que 720,3 corresponden ás producións animais e 677,8 millóns aos produtos de carne e gando. O valor a prezos do produtor ascendeu a 1.325,0 millóns de euros e as subvencións destinadas aos grupos de produtos de carne e gando de vacún e ovino, a 73,1 millóns.

Entre os distintos subsectores gandeiros cómpre salientar a importancia do subsector lácteo en Galicia,

xa que o valor da súa produción a prezos de produtor (660,8 millóns de euros) supón case a metade do valor total do subsector gandeiro.

A produción de leite de vaca medrou lixeiramente nas explotacións galegas ao longo do ano 2007 (último dato dispoñible), producíndose un total de 2.354,4 miles de toneladas, 11,4 miles de toneladas menos que no ano anterior, o que representa máis do 37% da produción española dese ano.

A cota leiteira dispoñible na comunidade autónoma de Galicia na campaña 2007/08, **cadro 3.2.7.**, foi de 2.215,0 miles de toneladas, o que representa o 36,7% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 55,8% das explotacións con dereito a cota. A pesar da medra do volume total de cota por explotación, que ascendeu nesa campaña a 152,8 miles de toneladas (232,2 miles de toneladas no conxunto do Estado), Galicia segue a ser a C.A. con menor ratio cota/explotación.

A análise da produción no subsector agrogandeiro cómpre finalizala facendo referencia aos principais datos da produción de produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade. No caso concreto da agricultura, os produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade son o viño, augardente, agricultura ecolóxica, pataca e pan de Cea, e no caso da gandería, o queixo, a “ternera gallega”, o lacón e o mel (**cadro 3.2.8.**).

• Subsector mar-industria

Antes de analizar os principais datos da produción

Producción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2006-07

	2006		2007 (1)		07/06	
	(en miles de Tm.)	(%)	(en miles de Tm.)	(%)	(%)	(en miles Tm.)
Andalucía	485,7	7,6	470,7	7,4	-3,1	-15,0
Aragón	63,4	1,0	72,4	1,1	14,2	9,0
Asturias	627,8	9,8	602,1	9,5	-4,1	-25,7
Baleares	68,4	1,1	75,8	1,2	10,8	7,4
Canarias	48,3	0,8	43,0	0,7	-11,0	-5,3
Cantabria	496,0	7,8	477,5	7,5	-3,7	-18,5
Castela e León	879,6	13,8	887,3	14,0	0,9	7,7
Castela-A Mancha	175,8	2,8	182,3	2,9	3,7	6,5
Cataluña	600,0	9,4	578,9	9,1	-3,5	-21,1
C. Valenciana	42,1	0,7	41,7	0,7	-1,0	-0,4
Extremadura	38,2	0,6	35,8	0,6	-6,3	-2,4
Galicia	2.343,0	36,7	2.354,4	37,2	0,5	11,4
Madrid	66,1	1,0	65,9	1,0	-0,3	-0,2
Murcia	29,4	0,5	31,9	0,5	8,5	2,5
Navarra	175,5	2,8	177,1	2,8	0,9	1,6
País Vasco	224,1	3,5	225,5	3,6	0,6	1,4
A Rioxa	13,6	0,2	13,0	0,2	-4,4	-0,6
Total	6.377,0	100	6.335,3	100	-0,7	-41,7

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

3.2.6.**Cotas leiteiras nas CC.AA. na campaña 2007-2008: principais datos**

	Cota leiteira		Transferencias		Cesións aprobadas		Abandonos	
	Nº	toneladas	Nº	toneladas	Nº	toneladas	Nº	toneladas
Andalucía	872	431.804,9	9	4.283	87	6.264,0	83	22.332.840,0
Aragón	101	88.760,4			3	249,0	13	3.234.592,0
Asturias	3.269	623.333,6	115	24.707	77	1.622,0	247	23.366.615,0
Baleares	196	69.633,1	1	672	13	750,0	17	4.407.249,0
Cantabria	2.096	466.754,8	50	9.384	92	3.200,0	163	19.881.664,0
Castela-A Mancha	328	176.904,6	5	2.246	20	1.611,0	23	3.750.329,0
Castela e León	2.566	802.155,1	39	15.886	96	4.602,0	234	32.264.790,0
Cataluña	880	573.258,3	32	18.317	55	4.680,0	66	22.268.752,0
C. Valenciana	30	40.979,9					2	932.424,0
Extremadura	157	33.818,8	8	1.990			24	3.882.192,0
Galicia	14.500	2.215.000,1	536	103.876	506	15.764,0	968	53.501.389,0
Madrid	99	66.373,4	4	2.613	1	40,0	20	6.583.420,0
Murcia	30	29.044,2	1	1.350	1	230,0		
Navarra	281	183.244,7	9	3.402	6	650,0	18	2.137.001,0
País Vasco	580	223.248,6	9	2.574	4	96,0		
A Rioxa	20	14.515,7			1	13,0	3	1.658.174,0
Total	26.005	6.038.829,9	818	191.300,0	962	39.771,0	1.881	200.201.431,0
Galicia / España (%)	55,8	36,7	65,5	54,3	52,6	39,6	51,5	26,7

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

3.2.7.

Produtos galegos con indicativo de calidade 2008

	Denominacións de orixe de viños				
	Ribeiro	Valdeorras	Rías Baixas	Monterrei	Ribeira Sacra
Viticultores	6.028	1.961	6.577	328	2.836
Adegas	119	41	201	23	98
Superficie inscrita (Ha)	2.749	1.342	3.646	357	1.228
Produción (en Hl)	96.771	33.406	156.443	8.142	30.678
Denominación xeográfica protexida Augardente de Galicia					
Produtores	115				
Destiladores	29				
Envellecedores	15				
Elaboradores-embotelladores	34				
Produción (litros)	184.127				
Denominación xeográfica protexida Augardente de Herbas de Galicia					
Produtores	115				
Destiladores	29				
Envellecedores	15				
Elaboradores-embotelladores	34				
Produción (litros)	1.782				
Denominación xeográfica protexida Licor café de Galicia					
Produtores de subprodutos	115				
Destiladores	29				
Envellecedores	15				
Elaboradores-embotelladores	34				
Produción (litros)	104.972				
Denominación xeográfica Licor de Herbas de Galicia					
Produtores de subprodutos	115				
Destiladores	29				
Envellecedores	15				
Elaboradores-embotelladores	34				
Produción (litros)	49.479				
Denominación Específica Pataca de Galicia					
Produtores	735				
Envasadores	11 (mais 2 en trámite)				
Superficie controlada (en ha)	428				
Patata certificada (en tm)	7.004				
Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega					
Gandeiros	6.725				
Matadoiros	49				
Sás de despezamento	24				
Canais certificadas	78.203				
Produción certificada (en tm)	16.914				
Indicación Xeográfica Protexida Lacón Gallego					
Explotacións	214				
Ind. cárnicas elaboración	39				
Produción certificada (pezas)	9.760				
Produción (en kg)	34.583				
Denominacións de orixe de queixos					
	Queixo Tetilla	Arzúa - Ulloa	San Simón da Costa	Queixo do Cebreiro	
Queixerías	32	19	8	2	
Produción (en kg)	2.603.000	2.449.952	349.473	28.312	
Denominación Específica Mel de Galicia					
Apicultores	405				
Colmeas	31.784				
Envasadores	37				
Mel certificada (Kg)	314.832				
Agricultura ecolóxica					
Superficie inscrita (en Ha.)	12.895				
Agricultores	275				
Gandeiros	169				
Industrias	65				
Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea					
Fornos	16				
Produto certificado (Kg)	323.516				
Indicación Xeográfica Protexida Faba de Lourenzá					
Productores	52				
Almacenistas/envasadores	5				
Superficie controlada (en Ha.)	46				
Faba certificada (en kg)	1.796				

Fonte: Consellería do Medio Rural

pesqueira nos portos galegos, cómpre facer referencia á aprobación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia. Tal e como indica o CES-Galicia, esta norma é importante xa que “ven a actualizar aos novos tempos, ao novo contexto internacional e ás normas aprobadas tanto no escenario europeo como no estatal, a normativa reguladora” dunha actividade de especial relevancia para Galicia.

A produción pesqueira total das distintas lonxas galegas rexistrou en 2008 unha minoración no seu crecemento. A produción pesqueira e marisqueira en primeira venda medrou nun 0,8% en relación á produción do ano anterior, acadando un total de 173,6 miles de toneladas. O seu valor en primeira venda, despois do importante crecemento de 2007 (7,1%), descende un 2,6%, situándose nos 451,3 millóns de euros.

O grupo de especies máis importante é o de “peixes”, que representa o 86,3% da produción e o 69,5% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a súa produción aumenta lixeiramente (0,2%) en tanto que o seu valor en primeira venda cae un 3,7%. (**cadro 3.2.9.**).

Se se desagrega a análise segundo zonas de produción, Arousa, a Mariña lucense e Vigo son as que presentan o maior volume de descargas, ao acoller o 66,2% do valor total de Galicia. Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, cómpre salientar o forte crecemento rexistrado en Muros e Arousa, cun incremento de 2.554,9 (20%) e 1.863,2 toneladas (5%) máis, respectivamente, así como a caída experimentada en

A Mariña e a Costa da Morte, con 2.253,2 (5,5%) e 1.349,3 toneladas (23,2%) menos, respectivamente.

A pesar da evolución rexistrada en 2008, a lonxa do porto de Vigo (Asociación de vendedores) segue sendo a máis importante en termos de produción e de ingresos xerados pola súa primeira venda. Tras un descenso do 0,5% respecto ao ano 2007, a produción acadou as 33.989,3 toneladas e os seus ingresos, que se reducen un 1,3%, os 101,1 millóns de euros. En termos da produción galega e do valor total da mesma, o porto de Vigo acolle o 19,6% da produción e o 22,4% do valor en primeira venda no conxunto das lonxas galegas.

• Subsector silvicultura-madeira

No ano 2008, Galicia rexistrou a cifra máis alta de cortas de madeira, superando os oito millóns de metros cúbicos, un 30% máis que a media dos últimos doce anos. Por especies, o eucalipto rexistrou o crecemento máis significativo, en gran medida por mor do incremento dos prezos a nivel internacional.

En relación ao total estatal, en Galicia realizáronse a metade das cortas de España, sendo esta porcentaxe do 43% no caso da produción de madeira serrada, do 33% no da madeira industrial (taboleiro) e do 35%, no de pasta de papel. A industria do moble galego representa o 15% da produción estatal.

A actividade da industria da madeira en Galicia, que contribúe á dinamización do rural galego, facturou en 2008 un total de 2.259 millóns de euros, un 6,6% menos que no ano anterior, o que representa o 3,5%

Actividade pesqueira e marisqueira 2007-08: distribución segundo grandes grupos de especies

	Producción			Valor		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(en Kg.)		(%)	(en €)		(%)
Total	172.248.797	173.568.733	0,8	463.429.949	451.323.022	-2,6
Algas	89.358	82.214	-8,0	70.355	50.615	-28,1
Bivalvos	10.282.715	11.340.932	10,3	74.619.909	77.806.177	4,3
Cefalópodos	9.668.401	9.851.795	1,9	26.030.221	26.963.378	3,6
Crustáceos	1.809.534	1.580.872	-12,6	34.629.141	30.213.875	-12,8
Equinodermos	701.782	747.950	6,6	1.698.607	1.987.499	17,0
Gasterópodos	12.939	14.840	14,7	28.871	32.145	11,3
Peixes	149.562.191	149.825.738	0,2	325.649.031	313.561.026	-3,7
Poliquetos	1.311	1.958	49,4	33.335	40.899	22,7
Resto das descargas	120.566	122.434	1,5	670.479	667.408	-0,5
A Coruña	82.544.468	85.646.408	3,8	189.544.855	185.277.220	-2,3
Algas	8.174	22.114	170,5	9.437	17.602	86,5
Bivalvos	4.559.271	5.142.652	12,8	31.929.802	33.363.852	4,5
Cefalópodos	3.468.035	3.061.072	-11,7	11.763.767	11.184.322	-4,9
Crustáceos	1.250.831	954.115	-23,7	23.436.151	18.496.080	-21,1
Equinodermos	422.418	449.061	6,3	983.424	1.128.615	14,8
Gasterópodos	3.773	5.148	36,4	9.561	12.379	29,5
Peixes	72.779.373	75.939.893	4,3	121.071.917	120.644.230	-0,4
Poliquetos	243	302	24,3	9.305	10.823	16,3
Resto das descargas	52.350	72.051	37,6	331.491	419.317	26,5
Lugo	40.608.141	38.359.578	-5,5	100.336.098	91.037.340	-9,3
Algas	-	-	-	-	-	-
Bivalvos	20.589	4.156	-79,8	138.052	51.445	-62,7
Cefalópodos	1.003.222	1.046.484	4,3	2.708.341	2.387.145	-11,9
Crustáceos	72.115	48.925	-32,2	990.583	822.688	-16,9
Equinodermos	13.508	66.153	389,7	31.373	167.070	432,5
Gasterópodos	5.625	7.260	29,1	10.725	13.974	30,3
Peixes	39.432.913	37.142.092	-5,8	96.166.087	87.378.577	-9,1
Poliquetos	-	-	-	-	-	-
Resto das descargas	60.169	44.508	-26,0	290.937	216.441	-25,6
Pontevedra	49.096.188	49.562.747	1,0	173.548.996	175.008.462	0,8
Algas	81.184	60.100	-98,9	60.918	33.013	-
Bivalvos	5.702.855	6.194.124	19,2	42.552.055	44.390.880	4,3
Cefalópodos	5.197.144	5.744.239	108,0,5	11.558.113	13.391.911	15,9
Crustáceos	486.588	577.832	117,3	10.202.407	10.895.107	6,8
Equinodermos	265.856	232.736	-12,5	683.810	691.814	1,2
Gasterópodos	3.541	2.432	-31,3	8.585	5.792	-32,5
Peixes	37.349.905	36.743.753	-1,6	108.411.027	105.538.219	-2,6
Poliquetos	1.068	1.656	55,1	24.030	30.076	25,2
Resto das descargas	8.047	5.875	-27,0	48.051	31.650	-34,1

Fonte: Consellería do Mar

3.2.9.

do PIB galego. En termos de emprego estas empresas superan os 26.000 empregos directos, aos que habería que sumar 50.000 postos de traballo indirectos.

A facturación conxunta das empresas de primeira transformación descendeu un 4,4% respecto ao ano 2007 (medrara un 6,2% no ano anterior), acadando

os 1.573 millóns de euros. Segundo os datos do clúster da madeira, este descenso produciuse nos últimos dous meses do ano, onde as vendas e a facturación descenderon un 30% respecto ao mesmo período do ano anterior. Asemade, cómpre salientar que estas actividades xeran en torno aos 10.000 empregos directos en Galicia.

Actividade pesqueira e marisqueira 2007-08: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(en Kg.)		(%)	(en €)		(%)
Vigo (Asoc. Vendedores)	34.150.301	33.989.207	-0,5	102.366.512	101.080.347	-1,3
Ribeira	30.530.564	31.336.960	2,6	36.740.879	37.547.992	2,2
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	25.747.091	27.039.143	5,0	89.851.827	82.983.596	-7,6
Burela	20.567.358	19.783.252	-3,8	51.898.833	46.497.624	-10,4
Celeiro	19.916.690	18.455.931	-7,3	47.495.941	43.735.695	-7,9
Portosín	7.272.735	9.769.444	34,3	3.588.863	5.217.715	45,4
Muros	3.145.082	3.251.457	3,4	4.821.114	4.782.455	-0,8
Camariñas	3.497.334	2.824.175	-19,2	3.619.560	3.954.816	9,3
Portonovo	2.174.929	2.276.884	4,7	2.433.270	2.549.138	4,8
Noia	2.229.543	2.143.818	-3,8	13.214.807	12.411.012	-6,1
Cambados	1.505.728	1.828.785	21,5	7.389.599	7.991.895	8,2
Sada	2.934.289	1.708.075	-41,8	1.809.981	1.159.724	-35,9
Cariño	1.195.313	1.372.851	14,9	1.672.244	1.844.679	10,3
Malpica	1.864.331	1.369.528	-26,5	4.503.888	3.801.732	-15,6
Marín (San Miguel)	1.827.524	1.276.879	-30,1	3.198.198	2.523.733	-21,1
Rianxo	768.136	1.229.724	60,1	3.872.689	5.838.472	50,8
Vigo (J. Cabaleiro)	1.071.884	1.219.838	13,8	3.254.778	3.574.999	9,8
Bueu	870.175	1.170.933	34,6	3.354.788	3.806.884	13,5
Carril	1.157.854	1.139.009	-1,6	5.385.713	6.215.661	15,4
Marín (Pescados Touza)	1.102.510	1.069.720	-3,0	3.160.905	2.794.066	-11,6

Fonte: Consellería do Mar

3.2.10.

As actividades que xeran unha maior facturación son as correspondentes ao taboleiro e pasta de papel, que, tras un descenso do 9,6%, acadan os 817 millóns de euros, e as de rematantes, cunha facturación de 416 millóns de euros, un 10,9% máis que en 2007.

As empresas de segunda transformación experimentaron un descenso da súa actividade en 2008, acadando os 686 millóns de euros, 88 menos que no ano anterior. Ao igual que no caso da industria de primeira transformación, esta caída prodúcese no derradeiro trimestre do ano, cando a demanda se reduce de media un 50%. En termos de emprego, os datos facilitados polo Clúster da madeira de Galicia amosan que

a segunda transformación da madeira xera en torno aos 16.000 empregos directos.

As empresas de mobiliario, as máis próximas ao sector da construción e ao consumidor final, rexistraron en 2008 unha caída do 15% na súa facturación, en tanto que nas empresas de carpintería, este descenso foi do 7%.

Sector industrial

O sector industrial foi, segundo os datos da Contabilidade trimestral de Galicia, o que rexistrou o maior impacto negativo da crise económica no con-

xunto do ano 2008. Dunha banda, o sector enerxético presenta unha caída media do seu VEB do 2,1% (en termos reais), sendo este descenso do 1,6% no caso da actividade industrial transformadora. Doutra, cómpre salientar que no derradeiro trimestre do ano [cadro 3.2.1. *Evolución do PIB en Galicia 2007-08: distribución segundo as súas compoñentes*], o VEB da industria transformadora presenta unha taxa de crecemento interanual negativa do 8,0%, a máis acusada dende o 1995, ano en que comeza a serie da Contabilidade trimestral.

En termos monetarios, a *Contabilidad regional de España* (fonte INE) reflicte que a produción do sector industrial galego, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), mantén no an 2008 a súa importancia relativa no total estatal. O VEB industrial galego ascendeu ata os 9.836,0 millóns de euros, o 5,7% do total estatal, o que sitúa novamente a Galicia como a sétima comunidade con maior peso por detrás de Cataluña, Madrid, País Vasco, a Comunidade Valenciana, Andalucía e Castela e León.

O sector enerxético galego produciu un total de 1.977,8 millóns de euros (o 7% da produción española) e a actividade industrial, sen a enerxía, 7.858,2 millóns de euros, o 5,4% do total estatal.

A importancia relativa da produción industrial no VEB total a prezos básicos da economía galega é do 19% en 2008, 1,7 puntos máis que no conxunto do Estado. O VEB xerado polas ramas enerxéticas representa en Galicia o 3,8% do seu VEB total (2,8% en España),

mentres que a produción industrial sitúase no 15,2%, sete décimas máis que no conxunto do Estado.

A caída do índice de produción industrial en Galicia ao longo de 2008 confirma as dificultades que atravesaba este sector. O índice xeral experimenta en Galicia unha caída media anual do 6,2%, tres décimas menos que no conxunto do Estado, cando no ano anterior o índice medrara case un 4% (2,4% de media en España).

Asemade, é importante destacar que case todos os destinos económicos considerados presentan, **cadro 3.2.11.**, unha caída do seu índice de produción, sendo esta do case un 11% no caso dos bens de equipamento, dun 9% dos produtos enerxéticos e dun 8% no dos bens intermedios. Pola contra, a produción de bens de consumo experimenta, en conxunto, un incremento do 4,4%, se ben no caso dos bens de consumo duradeiro este índice se reduce un 15,6%.

O número de ocupados no sector industrial descendeu no último ano en máis de dúas mil persoas, acadando os 215.200 traballadores, o 17,9% dos ocupados en Galicia. Entre as ramas de actividade máis importantes segundo o seu volume de ocupación cómpre salientar as relacionadas coas “industrias de alimentación, bebidas e tabaco”, con 44.500 ocupados, as relacionadas co “têxtil e confección; coiro e calzado”, con 21.700 persoas; o conxunto de actividades encadradas dentro da “industria extractiva; refino de petróleo; industria química; transformación de caucho, metalurxia; enerxía e auga”, con 64.600 ocupados, ou as de “construción de maquinaria, material

Índice de producción industrial de Galicia e España 2007-08 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)
Índice Xeral	116,1	109,0	-6,2	108,6	101,6	-6,5
Bens de consumo	114,0	119,0	4,4	106,2	100,9	-5,0
consumo duradeiro	142,4	120,2	-15,6	109,3	94,3	-13,8
consumo non duradeiro	111,7	118,9	6,4	105,6	102,1	-3,3
Bens de equipamento	113,0	100,6	-10,9	108,0	102,4	-5,2
Bens intermedios	121,3	111,6	-8,0	107,9	95,6	-11,4
Enerxía	114,2	103,9	-9,0	117,2	118,9	1,5

(1) base 2000=100; medias anuais
Fonte: INE

3.2.11.

eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas", cunha ocupación de 62.100 persoas.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que a caída do emprego ven motivada pola destrución da ocupación no sector téxtil-confección, con 3.700 persoas ocupadas menos (14,6%) e nas actividades da industria da madeira e da cortiza, con 3.000 ocupados menos (18,8%). Por el contrario, a industria de produtos de alimentación, bebidas e tabaco rexistra unha medra en torno aos 3.300 ocupados (8%).

Un cuarto indicador do empeoramento da situación do sector industrial, xunto á caída da produción, o emprego e do IPI, é o progresivo aumento do pesimismo que se reflicte no índice galego de confianza empresarial. Os empresarios do sector industrial son os que amosan unha maior percepción pesimista no segundo semestre do ano 2008, acadando o índice de confianza uns valores negativos de 39,2 e 48,1 no terceiro e cuarto trimestre do ano, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar o forte incremento das empresas do sector industrial que consideraban que a súa actividade ía diminuír. Se no primeiro trimestre de 2008 case o 25% das empresas opinaban deste xeito, no derradeiro trimestre esta porcentaxe acadou o 68,2%. Tal e como reflicte o **cadro 3.2.13.**, no conxunto dos sectores non primarios, estas porcentaxes varían dende o 45,6% do primeiro trimestre ata o 68% a finais de 2008.

- **Subsector mineiro**

No que á actividade da minaría se refire, cómpre salientar a aprobación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, que sitúa como eixe vertebrador a sustentabilidade para garantir a protección do medio pola gran repercusión que esta actividade ten sobre o solo, a auga e o aire.

No título II desta Lei, Organización administrativa e competencias, establécese a creación do Consello da Minaría de Galicia como órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento en materia de mina-

Confianza empresarial 2007-08: distribución segundo sector económico

2007						
	Total	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos	Total
1º trimestre	22,8	18,8	17,6	15,2	26,2	22,8
2º trimestre	14,8	10,4	18,6	11,1	15,7	14,8
3º trimestre	6,7	2,3	1,4	6,0	9,7	6,7
4º trimestre	-6,1	-7,9	-14,7	-11,7	-2,7	-6,1
2008						
	Total	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos	Total
1º trimestre	-12,2	-10,6	-18,7	-8,8	-11,3	-12,2
2º trimestre	-23,5	-22,8	-26,7	-25,9	-22,6	-23,5
3º trimestre	-34,3	-39,2	-31,5	-27,2	-34,1	-34,3
4º trimestre	-43,4	-48,1	-44,0	-38,9	-42,1	-43,4

(1) o indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios
Fonte: IGE

3.2.12.

Confianza empresarial 2007-08: distribución segundo actividade principal da empresa

Incremento					
<i>(% sobre o total de empresas)</i>					
	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos	Total
2007					
1º trimestre	28,6	18,8	20,8	29,3	26,0
2º trimestre	29,5	12,9	15,5	19,0	19,8
3º trimestre	18,0	3,9	15,6	19,3	15,4
4º trimestre	20,5	10,4	13,0	18,1	16,5
2008					
1º trimestre	14,8	4,2	15,2	6,8	8,7
2º trimestre	8,1	11,2	5,4	8,9	8,8
3º trimestre	7,2	6,6	18,9	7,6	8,4
4º trimestre	3,9	4,1	12,1	3,7	4,7
Estabilidade					
<i>(% sobre o total de empresas)</i>					
	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos	Total
2007					
1º trimestre	48,8	53,7	42,8	47,8	48,8
2º trimestre	64,3	64,0	42,6	66,1	62,9
3º trimestre	56,2	53,2	58,9	56,1	55,8
4º trimestre	50,6	52,5	45,5	50,2	50,3
2008					
1º trimestre	60,4	53,5	24,8	40,0	45,6
2º trimestre	53,8	41,0	45,6	40,9	44,1
3º trimestre	38,7	29,1	39,4	34,1	34,5
4º trimestre	27,9	30,6	32,9	24,4	27,3
Diminución					
<i>(% sobre o total de empresas)</i>					
	Industria	Construcción	Comercio polo miúdo	Resto servizos	Total
2007					
1º trimestre	22,5	27,5	36,4	23,0	25,1
2º trimestre	6,2	23,2	42,0	14,9	17,3
3º trimestre	25,8	42,9	25,5	24,5	28,7
4º trimestre	28,9	37,1	41,5	31,7	33,2
2008					
1º trimestre	24,8	42,3	60,0	53,3	45,6
2º trimestre	38,1	47,8	49,0	50,3	47,1
3º trimestre	54,2	64,4	41,7	58,3	57,1
4º trimestre	68,2	65,3	55,0	71,8	68,0

Fonte: IGE

3.2.13.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia

Esta lei ten por obxecto o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade e promove un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente. (artigo 1)

O seu ámbito de aplicación son as actividades de:

- Exploración, investigación, explotación e ao aproveitamento dos recursos minerais e demais recursos xeolóxicos situados en Galicia.
- Aproveitamento de recursos xeotérmicos e de formacións xeolóxicas superficiais ou subterráneas.
- Preparación para a entrega aos mercados dos minerais e recursos extraídos.
- Xestión de residuos producidos nas actividades extractivas.
- Recuperación ambiental dos terreos afecta-

dos por labores mineiros, así como condicións e requisitos do abandono da actividade mineira.

- Actividade administrativa de apoio para a mellora e innovación nas actividades mineiras, co fin de diminuír o impacto sobre os recursos naturais e a valoración integral dos recursos produtivos na procura do pechamento do ciclo produtivo en Galicia.

Asemade, establece como **principios** que inspiran esta lei a planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio, a xestión sustentable dos recursos, a innovación tecnolóxica orientada á sustentabilidade e a valoración plena dos recursos, a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral, a colaboración e cooperación das diferentes administracións públicas e a participación na política mineira dos sectores sociais e económicos implicados.

ría, así como do Rexistro Mineiro de Galicia, onde se inscribirá todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos na comunidade galega, e do rexistro de solicitudes de Dereitos Mineiros, que determinará a prioridade dos dereitos en función da súa data de solicitude.

Asemade, considera o Plan sectorial de actividades extractivas como máximo instrumento de planificación, que terá natureza de plan sectorial de incidencia supra-

municipal, co obxecto de establecer os principios e as directrices para a ordenación mineira de Galicia baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade.

• Subsector enerxético

Un dos aspectos máis importantes acontecidos no sector enerxético é o feito de que a resolución do 26 de decembro de 2008, da Consellería de Innovación e Industria da Xunta admitira a trámite un total de

Coxeneración de enerxía 2007-2008: principais datos

			Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Potencia instalada	31/12/08	(en MW)	622	484	39	43	56
Centrais de coxeneración			105	61	13	6	25
Consumo de combustibles na coxeneración	2007	(en tep)	643.568	527.256	24.355	79.524	12.433
Producción de electricidade procedente de coxeneración	2007	(en MWh)					
electricidade bruta			2.706.505	2.219.111	79.914	355.481	51.999
electricidade neta			2.621.496	2.150.072	78.110	343.824	49.490
exportación rede			1.694.167	1.416.779	29.899	220.719	26.770
Consumos procedentes de coxeneración, nas fábricas	2007	(en tep)					
consumo de electricidade			79.750	63.063	4.146	10.587	1.954
consumo de calor			224.598	186.264	8.690	26.099	3.545
consumo total de enerxía			304.348	249.328	12.836	36.686	5.498

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia

3.2.14.

2.290,72 megavatios de potencia eólica, que se reparte entre 78 proxectos de parques eólicos de 29 promotores.

A devandita resolución establece que a participación pública acadará o 14,22% do total dos anteprojectos admitidos a trámite (325,74 megavatios de potencia), que a súa vez repercutirán nun 40% directamente nos concellos afectados en un 10% nas comunidades de propietarios dos terreos. Segundo os datos da Xunta, o desenvolvemento dos proxectos dos parques xerarán un investimento de case 1.400 millóns de euros e en torno aos 8.000 postos de traballo.

Unha forma de enerxía eléctrica é a chamada coxeneración, que se define como a produción local e simultánea de enerxía eléctrica e/ou mecánica e de enerxía térmica aproveitable en diversos procesos a partir dunha mesma fonte de enerxía primaria. A 31 de

decembro de 2008 funcionan en Galicia un total de 105 centrais (**cadro 3.2.14.**) cunha potencia instalada de 622 MW. O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña, que acolle 61 plantas de coxeneración, cunha potencia nominal de 484 MW, o 77,8% do total producido en Galicia.

- Enerxías renovables

A potencia cíclica instalada con fontes renovables (enerxías que se renovan ou recuperan de maneira cíclica nunha escala temporal de curto prazo) ascendeu en 2008 a 6.576 MW, 150 MW máis que no ano anterior.

En termos de crecemento da potencia instalada cómpre salientar a enerxía eólica, que nos últimos anos rexistrou un importante desenvolvemento. A potencia instalada medrou no último ano en 105 MW, para aca-

Energías renovables 2007-08⁽¹⁾: potencia eléctrica instalada

	2007	2008	08/07
	(en Mw)		(%)
Grande hidráulica	3.026	3.056	1,0
Minihidráulica	280	290	3,6
Eólica	3.017	3.122	3,5
Biomasa eléctrica	39	37	- 5,1
Biogas	11	11	-
Solar fotovoltaica e outras renovables	3,3	10,4	215,2
RSU	50	50	-
Total instalada con fontes renovables	6.426	6.576	2,3
Potencia eléctrica instalada total	10.627	10.823	1,8
E. Renovable / E.Total Instalada (%)	60,5	60,8	

Fonte: Instituto Enerxético de Galicia

3.2.15.**Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2007-08****2007**

	Gasolinas	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Total
	(en toneladas métricas)				
A Coruña	138.488	919.674	35.861	359.290	1.453.313
Lugo	41.197	358.916	-	362.575	762.688
Ourense	45.914	292.278	-	46.341	384.533
Pontevedra	130.197	748.948	23.169	53.695	956.009
Total	355.796	2.319.816	59.030	821.901	3.556.543
Total España	6.694.153	35.612.149	5.708.287	6.697.083	54.711.672
Galicia/España (%)	5,3	6,5	1,0	12,3	6,5

2008

	Gasolinas	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Total
	(en toneladas métricas)				
A Coruña	135.126	978.313	32.716	426.690	1.572.845
Lugo	38.570	372.348	-	355.964	766.881
Ourense	43.312	290.756	-	47.794	381.862
Pontevedra	125.606	838.536	17.237	50.498	1.031.877
Total	342.614	2.479.953	49.953	880.945	3.753.465
Total España	6.295.449	35.328.685	5.630.540	11.637.398	58.892.073
Galicia/España (%)	5,4	7,0	0,9	7,6	6,4

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

3.2.16.

dar unha potencia eléctrica instalada de 3.122 MW, o que representa o 47,5% da potencia eléctrica instalada con enerxías renovables e o 28,8% da potencia eléctrica total instalada en Galicia.

Ademais desta enerxía eólica, o **cadro 3.2.15.** reflicte que a potencia instalada xerada pola enerxía “hidráulica” medra lixeiramente ata os 3.056 MW, o que representa o 46,5% da potencia instalada coas fontes de enerxía renovable e o 28,2% da potencia total instalada en Galicia. No caso da “minihidráulica”, a potencia instalada foi de 290 MW, 10 MW máis que no ano anterior.

- Produtos petrolíferos

A demanda destes produtos medrou en Galicia un 5,5% respecto ao rexistrado no ano 2007, máis de dous puntos por baixo do rexistrado en España, acadando as 3.753,5 miles de toneladas métricas (o 6,4% do total estatal). O **cadro 3.2.16.** reflicte un incremento do consumo de gasóleos, que representa o 66,1% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo e das gasolinas do 23,5% e do 9,1%, respectivamente. Asemade, ao igual que no ano anterior, cómpre salientar o forte descenso do peso relativo do consumo de fuel óleos no total estatal, que se situou no 7,6% (12,3% en 2007).

• Industria da automoción

Despois das cifras record, no que aos niveis de produción se refire, rexistradas en 2007, o ano 2008 comezou con volumes de actividade moi altos nos primeiros seis meses do ano. Despois do verán, cando a crise


económica internacional se fixo máis acusada, o nivel de produción rexistrou unha caída moi importante incidindo de xeito directo no emprego.

Segundo os datos facilitados pola Fundación clúster de empresas de automoción de Galicia (CEAGA), o ano 2008 pechou cunha redución do volume de negocio do 10%, un descenso do 17% nas exportacións e unha destrución de 3.400 postos de traballo, un 14% respecto ao ano anterior.

As empresas que compoñen o clúster de automoción xeraron en 2008 case 22.000 empregos directos, o que supón o 10,1% do emprego industrial galego. Asemade, a facturación do sector acadou un total de 8.400 millóns de euros, o que representa en torno ao 14% do PIB de Galicia, e as exportacións representan máis dun terzo do seu comercio exterior. No conxunto do Estado, a produción de vehículos en Galicia supón o 17,3% da produción estatal, o que a sitúa como a segunda Comunidade autónoma con maior peso relativo, tras Cataluña, que acolle case o 20%.

Dado a forte caída da produción de turismos, a produción total de vehículos automóbiles en Galicia experimentou en 2008 un descenso do 18% respecto ao ano anterior. O número total de vehículos situouse nos 439.644 (96.352 vehículos máis que no ano precedente) dos que 202.625 corresponden á produción de turismos (un 29,2% menos que no ano anterior) e 237.019, a vehículos industriais (un 5,1% por baixo da produción de 2007).

A crise económica reflíctese nunha forte caída do



3.2.17.

número de matriculacións de automóviles, cunha caída en Galicia do 28,3%. O número total de vehículos matriculados descendeu ata os 78.801, dos que 58.801 vehículos corresponden a automóviles de turismos (un 28,4% menos que en 2007).

• Industria naval

Ao longo do ano 2008, os estaleiros galegos rexistraron un descenso tanto do número de novos contratos como do arqueo total. O arqueo total dos 17 contratos novos, doce menos que no ano anterior, descendeu ata as 120.576 toneladas brutas, máis de oito mil toneladas por baixo do rexistrado en 2007. Doce destes dezasete contratos corresponden a contratos para exportación, representando o seu arqueo o 46,1% do arqueo total.

Asemade, no último ano rexistrouse unha caída da

carteira de pedimentos, que acada os 38 contratos (29 son contratos para a exportación), seis menos que en 2007. Tal coma indica o **cadro 3.2.18.**, o arqueo total foi de 303.274 toneladas brutas, 20.764 menos que no ano anterior.

No que atinxe á actividade produtiva do sector, os datos do Ministerio de Industria indican que ao longo do ano 2008 iniciouse a obra de vinte barcos nos estaleiros galegos, o 27,8% do total estatal (estaleiros privados), sendo o seu arqueo de 89.716 toneladas brutas, o que representa o 33% dos estaleiros privados españois.

Asemade, no último ano botáronse un total de 24 barcos cun arqueo de 136.228 toneladas brutas, o que indica que catro de cada dez barcos botados en

Construcción naval en Galicia e España 2007-08

2007

	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	número	arqueo	número	arqueo	número	arqueo	número	arqueo
Galicia	20	62.518	29	128.834	33	200.432	44	324.038
A. Armón Vigo	-	-	-	-	-	-	2	7.300
M. Cies	3	3.260	6	6.410	1	2.000	1	2.000
F. Cardama	-	-	-	-	-	-	-	-
C. N. Freire	9	5.992	9	5.992	13	18.766	13	18.766
F. Vulcano	1	14.546	1	14.546	6	101.246	6	101.246
F.N. Marín	3	12.428	5	12.948	6	21.728	9	25.348
H. J. Barreras	4	26.292	7	80.538	4	26.292	10	138.978
Metalships & Docks	-	-	1	8.400	3	30.400	3	30.400
España	56	280.475	79	382.631	97	558.242	141	815.315

2008

	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	número	arqueo (t)	número	arqueo	número	arqueo	Nº	arqueo
Galicia	12	55.538	17	120.576	29	183.002	38	303.274
A. Armón Vigo	4	5.332	5	8.278	3	4.882	4	7.828
M. Cies	2	2.188	3	3.176	2	2.570	4	4.546
F. Cardama	1	340	2	1.930	1	340	2	1.930
C. N. Freire	3	18.687	3	18.687	8	22.753	8	22.753
F. Vulcano	-	-	-	-	3	54.346	3	54.346
F.N. Marín	-	-	-	-	3	12.428	3	12.428
H. J. Barreras	1	20.391	3	79.905	5	46.683	10	160.443
Metalships & Docks	1	8.600	1	8.600	4	39.000	4	39.000
España	45	140.185	75	220.322	105	558.690	153	766.827

(1) en toneladas brutas, equivalente a 1016,041kg
 Fonte: Gerencia del Sector Naval

3.2.18.

España o fixeron en Galicia, e que o seu arqueo representa o 46,4% do total estatal.

Construcción

Despois de ser un dos sectores de actividade con maior crecemento nos últimos anos, o valor engadido bruto xerado pola construción en Galicia presentou en 2008 unha caída do 0,3%, cando no ano anterior rexistrara unha taxa de variación interanual

do 4,3%. Con menor intensidade que o acontecido no sector industrial, as taxas de crecemento na actividade da construción tamén se foron deteriorando a medida que avanza o ano, de tal xeito que se no primeiro semestre presenta unha moderación no seu ritmo de crecemento [cadro 1.2.1. Evolución do PIB 2007-08: distribución segundo as súas compoñentes], no terceiro e cuarto trimestre de 2008 o VEB xerado neste sector se contrae un 1,5% e 3,9%, respectivamente.

Licitación pública en Galicia e España 2007-08: distribución segundo tipo de obra**2007**

	Galicia					Total España	G/E (rexion.)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra			
	(en millóns de €)						(%)
Total Xeral	2.251,9	977,5	478,5	186,6	609,4	40.354,8	5,6
Edificación	600,3	357,3	65,7	47,1	130,2	12.537,3	4,8
Vivenda	57,2	15,9	20,9	14,8	5,6	1.567,4	3,7
Equip. Social	281,6	116,1	40,0	27,9	97,6	7.372,4	3,8
Resto edificación	261,4	225,3	4,8	4,4	27,0	3.597,6	7,4
Obra Civil	1.651,7	620,1	412,8	139,5	479,2	27.817,5	6,0
Transportes	960,3	325,7	316,9	92,1	225,6	16.202,5	6,0
Urbanizacións	518,2	198,9	78,0	21,8	219,5	6.210,3	8,4
Hidráulicas	138,4	80,2	13,0	21,5	23,8	4.864,7	2,9
Medio Ambiente	34,7	15,3	5,0	4,1	10,3	540,0	6,4

2008

	Galicia					Total España	G/E (rexion.)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra			
	(en millóns de €)						(%)
Total Xeral	2.712,2	1.221,4	491,2	164,9	834,7	39.812,0	6,8
Edificación	411,0	194,7	33,9	46,3	136,0	11.705,4	3,5
Vivenda	62,3	32,1	0,2	9,6	20,5	1.822,0	3,4
Equip. Social	208,6	102,6	28,7	23,4	53,9	6.336,3	3,3
Resto edificación	140,1	60,0	5,1	13,2	61,7	3.547,0	3,9
Obra Civil	2.301,2	1.026,6	457,3	118,7	698,6	28.106,6	8,2
Transportes	1.792,9	776,6	393,4	64,4	558,5	19.206,5	9,3
Urbanizacións	362,8	197,7	52,4	27,2	85,6	4.812,8	7,5
Hidráulicas	127,5	44,7	7,9	23,6	51,3	3.624,6	3,5
Medio Ambiente	18,0	7,7	3,6	3,5	3,2	462,8	3,9

Fonte: Seopan

3.2.19.**Licitación pública en Galicia e España ⁽¹⁾ 2007-08:
distribución segundo administracións**

	2007		2008		08/07	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de €)		(en millóns de €)		(%)	
Administración xeral	1.114,6	15.908,5	1.359,7	17.302,1	22,0	8,8
Mº Fomento	960,1	11.855,7	1.277,0	14.623,5	33,0	23,3
Mº Medio Ambiente	83,8	2.346,4	13,9	1.302,7	- 83,5	- 44,5
Resto Admón. Xeral	70,8	1.706,4	68,9	1.375,9	- 2,7	- 19,4
Admón. Autonómica	827,3	13.128,5	1.210,2	13.033,2	46,3	- 0,7
Admón. Local	373,0	10.943,5	302,7	9.476,7	- 18,8	- 13,4
Concellos	223,0	8.553,1	222,2	7.183,2	- 0,3	- 16,0
Outras Administracións	150,0	2.390,4	80,5	2.293,5	- 46,3	- 4,1
Total	2.314,9	39.980,4	2.872,6	39.812,0	24,1	- 0,4

(1) total rexionalizable
Fonte: Seopan**3.2.20.**

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 5,9% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no VEB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (13,2% en Galicia e 11,6% de media en España).

O crecemento desta actividade tivo o seu reflexo no mercado de traballo, onde o número de traballadores ocupados experimentou unha caída do 5,6% (8.400 persoas menos que no ano precedente). O sector acolle o 11,2% dos galegos ocupados segundo a EPA e o 5,5% do total da ocupación no sector da construción en España.

O valor da licitación pública de todas as administracións en Galicia, tras unha medra superior ao 20%, situouse nos 2.712,2 millóns de euros (o 6,8% da licitación no conxunto do Estado), dos que a licitación pública en obra civil, tras un incremento de case un 40%, acadou os 2.301,2 millóns de euros, mentres que a licitación pública en edificación, que descende un 31,5%, se sitúa nos 411,0 millóns de euros.

Galicia presenta en 2008 un incremento do 45,3% no valor total das licitacións da Administración autonómica e do 22%, da Administración central, cando no conxunto do Estado a primeira descende un 0,7% e o da Administración central medra un 8,8%. A contía do licitado pola Administración autonómica foi similar á do Ministerio de Fomento, con 1.210,2 e 1.277,0 millóns de euros, respectivamente, mentres que a correspondente á Administración local descendeu ata os 302,7

millóns de euros. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 7,9% da licitación pública da Administración central, fronte ao 9,3% da licitación autonómica e o 3,2% das administracións locais.

A Coruña sitúase como a provincia con maior volume de licitación, con 1.221,4 millóns de euros (o 45% da licitación en Galicia), seguida de Pontevedra, con 834,7 millóns de euros (30,8%). Comparado coa licitación do ano anterior, o **cadro 3.2.19.** indica que o volume total de licitación medra en todas as provincias galegas agás en Ourense. En canto á desagregación segundo obra, a licitación en obra civil segue a mesma tendencia que a licitación galega, en tanto que a licitación en edificación, só aumenta en Pontevedra.

Outro dos indicadores que amosan as dificultades polas que atravesamos esta actividade económica é o deterioro da confianza empresarial. O incremento do pesimismo se reflicte na evolución do índice de confianza empresarial, que pasa do -18,7 no primeiro trimestre do ano ata o 44,0 no cuarto.

• Datos de vivenda

Antes de analizar as dificultades polas que pasa o sector da construción de vivendas, cómpre mencionar a aprobación da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, que ten por obxecto o establecemento do réxime xurídico das vivendas, tanto libres como protexidas, a definición das políticas públicas en materia de vivenda, a fixación de medidas de protección das persoas adquirentes ou usuarias das mesmas, así como a regulación das potestades de intervención atribuídas ás administracións públicas coa

Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia

O **obxectivo** básico desta Lei é a regulación do dereito á vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular,

- O establecemento do réxime xurídico das vivendas, libres e protexidas.
- A definición das políticas públicas en materia de vivenda, coa concreción dos instrumentos de desenvolvemento para a súa promoción e fomento.
- A fixación de medidas de protección das persoas adquirentes ou usuarias das vivendas.
- A regulación das potestades de intervención atribuídas ás administracións públicas coa finalidade de garantir o dereito á vivenda e o cumprimento das exigencias de calidade previstas na normativa vixente.

Entre os **principios reitores** da política de vivenda, o artigo 2 sinala que o deseño, a programación e a execución das políticas públicas se rexerán polos principios da efectividade do dereito constitucional á vivenda e a mellora da calidade de vida; da consecución dun parque suficiente de vivendas e unha oferta significativa de vivendas protexidas; do fomento de aluguer como modalidade de acceso á vivenda; da posta en valor do ambiente, da paisaxe e da cultura nas accións construtivas, que deberán estar rexidas por criterios de sustentabilidade e calidade, de acordo coa lexislación sectorial aplicable; e da garantía do exercicio dos dereitos lingüísticos no acceso á vivenda.

Asemade, indica que as Administracións públicas deberán prestar especial atención aos colectivos vulnerables da sociedade e orientarán as súas actuacións á consecución dos obxectivos de cohesión social, loita contra a exclusión social e a solidariedade.

Como terceiro principio reitor sinala que o exercicio das potestades recoñecidas terá por finalidade a transparencia do mercado inmobiliario, garantir a seguranza xurídica das persoas adquirentes e usuarias e adoptar medidas fronte a prácticas ilegais ou fraudulentas.

O Consello Económico e Social de Galicia, no seu **ditame 5/2008**, sobre o anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia, indica que a política de vivenda debe derivarse dunha exhaustiva análise das necesidades de vivenda, tendo en conta o problema xeracional e a perspectiva territorial, co fin de detectar os problemas de acceso a unha vivenda, así como cuantificar as vivendas necesarias na nosa comunidade.

O CES comparte a necesidade de favorecer e establecer as normas en materia de vivenda como parte integrada no conxunto de medidas que conformen políticas urbanísticas de protección do medio rural e medio ambiental. Así mesmo, destaca a incorporación na norma dos deberes de uso, mantemento e conservación do propietario ou usuario, establecendo potestades de intervención a favor da Administración para garantir o seu cumprimento.

Tamén comparte cuestións como o desenvolvemento normativo da vivenda baleira e a súa posta no mercado, o acceso á vivenda nas diferentes modalidades coa protección necesaria dos adquirentes e usuarios das mesmas en forma de compra ou aluguer, e a recuperación dos parques de vivendas existentes mediante accións de renovación e rehabilitación, cun programa específico de restauración de vivendas no medio rural.

finalidade de garantir o dereito á vivenda e o cumprimento das exixencias de calidade previstas na norma.

O CES Galicia, no seu ditame 5/08, sobre o anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia, indica a necesidade dun gran acordo social nesta materia para lograr unha axeitada conxugación entre os dereitos e intereses dos distintos axentes implicados, co obxectivo principal de facilitar o dereito ao acceso a una vivenda digna a toda a cidadanía.

O mal momento do sector da construción reflíctese no desplome do número de vivendas iniciadas en 2008, que cae máis dun 41% respecto ao rexistrado no ano anterior tanto en Galicia como no conxunto do Estado. No último ano iniciáronse en Galicia un total de 23.817 vivendas (o 6,6% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado), das que 21.648 corresponden a vivendas libres (o 8% do total estatal) e 2.169 a vivendas protexidas (o 2,4% das vivendas protexidas iniciadas en España). Como se reflicte no cadro 3.2.21., Galicia presenta un descenso tanto das vivendas iniciadas libres como protexidas mentres que no conxunto do Estado o número de vivendas protexidas iniciadas nese ano medrou un 8,5% respecto ao rexistrado no ano anterior.

No caso das vivendas rematadas, finalizáronse un total de 36.972 vivendas, o 5,8% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 34.229 (o 6,1% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 2.743 (o 3,9% do total estatal). En relación ao ano anterior, tras unha medra d 3,5% do número de vivendas libres e unha

caída do 27,3% do das vivendas protexidas, o número total de vivendas rematadas mantense practicamente constante. No conxunto do Estado, descenden as vivendas libres rematadas e aumentan as protexidas.

O número de edificios de nova planta a construír en Galicia foi de 6.242 (5.710 edificios residenciais) cunha superficie a construír de 4.938 miles de metros cadrados (en edificación residencial 4.230 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír reduciuse máis da metade, para situarse nas 23.173 vivendas.

Xunto a esta edificación de nova planta, o número de licencias municipais para rehabilitación de edificios aumentou ata os 1.786, situándose o de licencias para obras de demolición nos 536. No último ano, o número total de vivendas creadas en rehabilitación foi de 1.277 e o de vivendas a demoler, a 1.019.

En relación aos visados de dirección de obra nova, volveu a descender o número de edificios visados, que en 2008 se situou nos 4.923 (un 28,5% inferior á do ano anterior), dos que 4.581 corresponderon a edificios para uso residencial. A superficie total a construír reduciuse un 45,4% respecto ao ano anterior, acadando os 4.321,3 miles de metros cadrados, dos que 3.610,2 miles de metros cadrados corresponden a vivendas. O presuposto de execución caeu un 42,6% en relación ao presupostado en 2007, acadando os 1.469,6 millóns de euros, dos que 1.262,7 millóns de euros (46,2% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse un

Construcción de viviendas en Galicia e España 2007-08

Viviendas iniciadas

	Viviendas libres			Viviendas protexidas			Total viv. iniciadas		
	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)
Galicia	37.913	21.648	-42,9	3.000	2.169	-27,7	40.913	23.817	-41,8
A Coruña	17.761	10.276	-42,1	1.628	1.039	-36,2	19.389	11.315	-41,6
Lugo	7.545	3.157	-58,2	311	420	35,0	7.856	3.577	-54,5
Ourense	2.510	2.384	-5,0	383	153	-60,1	2.893	2.537	-12,3
Pontevedra	10.097	5.831	-42,3	678	557	-17,8	10.775	6.388	-40,7
España	532.117	269.098	-49,4	83.859	90.946	8,5	615.976	360.044	-41,5
Galicia/España (%)	7,1	8,0		3,6	2,4		6,6	6,6	

Viviendas rematadas

	Viviendas libres			Viviendas protexidas			Total viv. rematadas		
	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)
Galicia	33.032	34.229	3,6	3.774	2.743	-27,3	36.806	36.972	0,5
A Coruña	15.116	15.318	1,3	1.855	1.140	-38,5	16.971	16.458	-3,0
Lugo	5.157	6.929	34,4	921	624	-32,2	6.078	7.553	24,3
Ourense	2.573	2.595	0,9	198	223	12,6	2.771	2.818	1,7
Pontevedra	10.186	9.387	-7,8	800	756	-5,5	10.986	10.143	-7,7
España	579.665	563.631	-2,8	67.127	69.597	3,7	646.792	633.228	-2,1
Galicia/España (%)	5,7	6,1		5,6	3,9		5,7	5,8	

(1) inclúe vivendas protexidas de nova construción suxeitas a distintos rexímenes de protección e as vivendas de promoción pública
 Fonte: Ministerio de Vivienda

3.2.21.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2007-08: datos xerais

	Galicia		España	
	2007	2008	2007	2008
Edificación de nova planta				
Edificios a construír	8.485	6.242	187.147	93.678
Residencial	7.920	5.710	166.322	79.752
Non residencial	565	532	20.825	13.926
			(en miles m ²)	
Superficie a construír	8.750	4.938	128.254	66.085
Residencial	7.836	4.230	102.790	48.205
Non residencial	914	708	25.464	17.880
Vivendas a construír	45.614	23.163	634.098	268.435
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.628	1.786	33.359	34.807
Vivendas creadas en rehabilitación	1.289	1.277	19.796	16.984
Obras de demolición				
Edificios a demoler	908	536	26.141	14.573
Vivendas a demoler	1.520	1.019	29.758	15.842
Total vivendas	45.383	23.421	624.136	269.577

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.22.

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2007-08: distribución segundo tipo de obra

Obra nova						
	Galicia			España		
	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)
Total edificios	6.888	4.923	-28,5	145.840	74.152	-49,2
Uso residencial	6.577	4.581	-30,3	135.659	65.892	-51,4
Servizos comerciais	74	84	13,5	2.938	2.525	-14,1
Uso industrial	90	89	-1,1	2.471	1.631	-34,0
Outros	147	169	15,0	4.772	4.104	-14,0
<i>(m²)</i>						
Superficie a construír	7.916.394	4.321.254	-45,4	125.249.637	59.972.512	-52,1
Uso residencial	7.151.107	3.610.180	-49,5	103.751.945	45.110.756	-56,5
Servizos comerciais	278.030	211.604	-23,9	6.160.473	4.104.323	-33,4
Uso industrial	158.187	199.656	26,2	4.399.130	2.769.154	-37,1
Outros	329.070	299.814	-8,9	10.938.086	7.988.279	-27,0
<i>(en millóns de €)</i>						
Presuposto de execución	2.559,5	1.469,6	-42,6	47.063,0	24.040,9	-48,9
Uso residencial	2.345,3	1.262,7	-46,2	39.577,7	18.513,5	-53,2
Servizos comerciais	61,9	48,5	-21,7	1.766,9	1.152,4	-34,8
Uso industrial	26,6	49,5	85,9	995,7	702,2	-29,5
Outros	125,7	109,0	-13,3	4.722,7	3.672,8	-22,2
Obras de ampliación						
Total edificios	294	315	7,1	7.790	6.435	-17,4
Vivendas	228	243	6,6	6.479	5.174	-20,1
Outros	66	72	9,1	1.311	1.261	-3,8
<i>(m²)</i>						
Superficie a construír	107.041	114.392	6,9	1.994.439	1.722.215	-13,6
Vivendas	56.535	51.652	-8,6	932.285	731.887	-21,5
Outros	50.506	62.740	24,2	1.062.154	990.328	-6,8
<i>(en millóns de €)</i>						
Presuposto de execución	39,2	38,3	-2,3	765,0	726,5	-5,0
Vivendas	21,4	20,3	-5,3	378,2	324,7	-14,1
Outros	17,8	18,1	1,5	386,8	401,8	3,9
Obras de reforma e/ou restauración						
Total edificios	1.763	1.765	0,1	36.302	36.423	0,3
Vivendas	1.313	1.318	0,4	28.225	28.718	1,7
Outros	450	447	-0,7	8.077	7.704	-4,6
<i>(en millóns de €)</i>						
Presuposto de execución	162,9	163,3	0,2	3.141,8	3.064,9	-2,4
Vivendas	102,7	98,4	-4,2	1.651,1	1.471,9	-10,9
Outros	60,2	64,9	7,7	1.490,6	1.593,0	6,9

Fonte: Ministerio de Fomento

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2007-08

	Galicia		España	
	2007	2008	2007	2008
Certificados de fin de obra	5.425	5.347	118.777	115.221
Edificios	6.237	6.384	175.635	169.452
Promotor privado	6.207	6.329	173.284	166.809
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	3.459	3.441	71.593	70.414
Sociedades mercantís	2.724	2.870	99.413	94.506
Cooperativas	23	18	1.447	1.886
Outros	1	-	831	3
Administracións públicas	30	55	2.351	2.643
Vivendas	31.937	31.263	641.419	615.072
Promotor privado	31.859	31.053	635.713	608.323
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	4.964	5.509	76.092	70.469
Sociedades mercantís	26.319	25.374	547.285	524.514
Cooperativas	575	170	10.708	13.337
Outros	1	-	1.628	3
Administracións públicas	78	210	5.706	6.749
Valor de liquidación da execución material das obras (en millóns de €)	1.737,1	1.995,9	43.097,1	45.027,5

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.24.

total de 84 visados de dirección de obra nova no caso do servizo comerciais e almacéns. A pesar de rexistrarse un incremento do número de visados de dirección de obra, o presuposto de execución descendeu un 21,7%, e a superficie a construír o fixo nun 23,9%. A superficie total a construír foi de 211.604 metros cadrados e o presuposto de execución, de 48,5 millóns de euros.

No caso dos visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial, en 2008 concedéronse un total de 89 visados de dirección de obra (un menos que no ano anterior), medrando tanto a superficie a construír como o presuposto de execución. No último ano a superficie a construír ascendeu ata os 199.656 metros cadrados (un 26,2% máis que no ano precedente) e o presuposto de execución ata os 49,5

millóns de euros (un 85,9% máis que no ano anterior).

O número de visados de dirección de obras de ampliación aumentou ata os 315 (21 máis que en 2007), dos que 243 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír situouse en 114.392 metros cadrados, un 6,9% superior á do ano anterior, e o presuposto de execución en 38,3 millóns de euros, un 2,3% por baixo do presupostado no exercicio anterior.

No concernente aos visados de obras de reformas e/ou restauración, o seu número mantívose nun nivel similar ao do ano anterior, con 1.765 visados concedidos (dous máis que en 2007), incrementándose o seu presuposto de execución ata os 163,3 millóns de euros (un 0,2% máis que no ano anterior).

O número total de certificacións de obra en Galicia situouse no último ano nas 5.347 (78 certificacións menos que en 2007), o que representa o 4,6% das certificacións no conxunto do Estado. Ao longo do ano 2008, mentres que número de edificios a construír medra un 2,4%, o de vivendas descende un 2,1%. O **cadro 3.2.24**, indica que o número total de edificios foi de 6.384, dos que 6.329 corresponden a promotores privados e 55 a administracións públicas. O número de vivendas acadou os 31.263, das que 31.053 corresponden a promotores privados e 210, a promotores públicos (78 no ano anterior).

Servizos

O terciario foi o único sector en Galicia que presentou en 2008 unha medra do seu valor engadido bruto xerado, cun 3,8% respecto ao ano anterior (prezos constantes), catro décimas por baixo da rexistrada no ano precedente. Esta ralentización prodúcese por mor do comportamento do conxunto de actividades de servizos de mercado, que experimenta un crecemento case dous puntos inferior ao de 2007 (3,4% en 2008 e 4,3% no ano anterior), xa que as actividades de servizos non de mercado medran un 5,1% (1,1 puntos menos que no ano anterior).

O valor total da produción do sector servizos galego en 2008, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), ascendeu a 32.714,9 millóns de euros, o que representa o 4,8% do total estatal. Os datos da *Contabilidad regional de España* (fonte INE) indican que Galicia se sitúa como a sétima comunidade con maior peso relativo no conxunto do

Estado, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana, País Vasco e Castela e León.

O subsector dos servizos de mercado produciu en Galicia un total de 24.078,4 millóns de euros (o 4,5% da produción española) e o subsector de servizos non comerciais, 8.636,5 millóns de euros, o 5,8% do total estatal.

A importancia relativa da produción das actividades englobadas dentro do sector servizos no VEB xerado pola economía galega é do 63,3%, cinco puntos inferior á media estatal. Se se considera a desagregación entre os subsectores de servizos non comerciais e de mercado, cómpre salientar que mentres que o primeiro ten un peso superior no VEB galego que no caso da media española (16,7% e 14,9%, respectivamente), o subsector dos servizos de mercado ten maior importancia relativa na economía española que na galega (53,4% e 46,6%, respectivamente).

No que atinxe ao emprego, o número total de persoas ocupadas nas distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos medrou no último ano en case 25.000 persoas (un 3,4% respecto ao ano precedente), situándose nas 750.200 persoas. O sector acolle o 62,5% dos traballadores ocupados en Galicia, 1,7 puntos máis que no ano anterior, e o 5,4% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado.

Máis de 21 de cada cen das persoas ocupadas neste sector o están nas ramas de actividades de “comercio por xunto e polo miúdo” (159.200 traballadores).

Comercio interior nas CC.AA. 2007-08: índice de vendas polo miúdo

	2007	2008	08/07 (%)
Andalucía	109,2	106,7	-2,3
Aragón	110,9	111,7	0,7
Asturias	111,6	113,5	1,8
Baleares	109,4	107,0	-2,1
Canarias	111,1	107,0	-3,7
Cantabria	112,2	112,6	0,4
Castela e León	109,8	109,2	-0,5
Castela - A Mancha	112,2	113,1	0,8
Cataluña	109,3	107,3	-1,9
C. Valenciana	109,8	107,2	-2,4
Extremadura	112,4	113,8	1,3
Galicia	111,7	110,3	-1,2
Madrid	111,9	110,0	-1,7
Murcia	113,8	111,4	-2,1
Navarra	112,8	115,2	2,2
País Vasco	110,3	109,7	-0,5
A Ríoxa	111,6	109,2	-2,1
Ceuta	113,9	113,8	-0,1
Melilla	112,9	111,7	-1,1
Total	110,6	108,9	-1,5

Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

3.2.25.

Séguenlle en importancia os subsectores de sanidade e educación, co 10,4% (77.700 ocupados) e 10,1% (75.600 ocupados), respectivamente, e o da hoteis, restaurantes e bares, co 9,9% (74.400 persoas). En conxunto, estas catro ramas acollen o 51,7% dos ocupados no sector.

• Comercio

O índice de confianza empresarial elaborado polo IGE reflicte, ao igual que nos distintos sectores analizados, un incremento do pesimismo a medida que transcorre o ano 2008, rematando o mesmo cun valor negativo do 38,9, máis de trinta puntos por riba do rexistrado no primeiro trimestre do ano.

Asemade, xunto á evolución do emprego neste sub-

sector, cómpre salientar que o índice xeral de vendas do comercio interior polo miúdo experimentou un descenso do 1,2% ao longo do ano 2008 (medrara case un 5% no ano anterior), mentres que o índice medio de ocupación o fixo nun 0,3% (medrou un 2% no ano 2007). No conxunto do Estado o índice xeral de vendas descende un 1,5%, permanecendo constante o índice de ocupación.

• Turismo

O predominio do turismo nacional e o elevado grao de estacionalidade seguen estando entre as principais características do sector en Galicia. Dunha banda, oitenta de cada cen viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2008 son residentes en España (cincuenta e sete de cada cen no conxunto do

Oferta turística 2007-08: distribución segundo tipo de establecimiento

	2007			2008		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
Aloxamentos turísticos						
Hoteis	767	27.298	49.491	811	28.145	51.042
Hostais, pensións e albergues	886	11.282	20.146	1.013	11.640	21.031
Campings	113	-	34.590	114	-	34.499
Apartamentos	88	966	3.518	100	1.059	3.851
Establecementos de turismo rural	541	3.266	6.428	575	3.495	6.870
	2007		2008			
	número	prazas	número	prazas		
Restauración, intermediación turística, turismo activo e profesións turísticas						
Restaurantes	5.225	336.612	5.145	337.474		
Cafeterías	1.525	95.406	1.500	94.501		
Axencias de viaxes	506		534			
Turismo activo	15		16			
Guías de turismo	192		161			

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

3.2.26.
Grao de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2005-08
Grao de ocupación por praza

	Galicia			España		
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total	Valor máximo	Valor mínimo
2005	34,7	65,4	20,2	52,5	73,9	39,4
2006	35,6	63,2	22,4	54,7	74,4	40,9
2007	35,9	62,3	22,7	54,5	74,2	40,3
2008	34,0	56,6	21,9	52,0	71,9	36,4

Estadia media

	Galicia			España		
	Total	Espanois	Estranxeiros	Total	Espanois	Estranxeiros
2005	2,15	2,20	1,92	3,48	2,57	4,78
2006	2,16	2,22	1,88	3,26	2,43	4,42
2007	2,15	2,19	1,95	3,22	2,40	4,33
2008	2,21	2,27	1,96	3,24	2,40	4,34

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.2.27.

Estado). Doutra, o grao de ocupación hoteleira no mes de agosto en Galicia é do 56,6%, case trinta e cinco puntos por riba do rexistrado en decembro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 71,9% en agosto e o 36,4% no mes de decembro.

O sector turístico galego non está exento do impacto da crise económica de 2008, rexistrando un descenso do grao de ocupación hoteleira por praza, que se sitúa no 34% (un 52% de media en España). Na fin de semana, este índice sitúase case catro puntos por riba da ocupación media total (37,9%), sendo a media español do 60,5%. Tanto en Galicia como en España os graos de ocupación máximo e mínimo rexistráronse nos meses de agosto (56,6% e 71,9%, respectivamente) e xaneiro (21,9% e 36,4%, respectivamente). O diferencial entre os valores máximos e mínimos, volve a reducirse en 2008, acadando unha diferenza de 34,7 puntos en Galicia (35,5 puntos de media en España).

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou no último ano unha caída do 6,1% (medrara máis dun 4% no ano precedente), acadando os 3.525.864 viaxeiros (230.486 persoas menos), o que representa o 4,3% dos viaxeiros no conxunto do Estado. O **cadro 3.2.28**, amosa como unha das características do turismo galego o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que 80 de cada cen viaxeiros son residentes en España fronte aos 57 de cada cen no conxunto do Estado.

En relación ao ano anterior, a caída de viaxeiros rexistrouse en A Coruña e Pontevedra, con 162.504 e 93.837 persoas menos, respectivamente. Por contra,

nas provincias de Lugo e Ourense, cun incremento tanto do número de turistas de nacionalidade española e estranxeira, o número de viaxeiros medra en 15.635 e 10.220 persoas.

Ao longo do ano 2008, as pernoitas experimentaron unha caída do 3,3% respecto os datos do ano precedente (case dous puntos porcentuais máis que a experimentada no conxunto do Estado), acadando unha cifra de 7,8 millóns.

A estadía media nos establecementos hoteleiros galegos permaneceu practicamente constante nos 2,2 días (no conxunto do Estado esta sitúase nos 3,2 días). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros residentes en España aumenta lixeiramente, situándose nos 2,3 días, en tanto que se mantén en 2 días a correspondente aos turistas estranxeiros. A media española foi de 2,4 días no caso dos viaxeiros residentes en España e de 4,3 días no caso dos estranxeiros.

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta unha caída tanto dos prezos hoteleiros como dos ingresos por habitación ao longo do exercicio 2008. Os prezos descenderon en Galicia un 0,3% (incrementáronse un 2,2% en 2007), en tanto que os ingresos o fixeron nun 0,5% (aumentaron un 1,7% no exercicio precedente). No conxunto do Estado, os prezos medran un 0,7% e os ingresos, un 1,3%.

No concernente aos indicadores de demanda dos establecementos de turismo rural, **cadro 3.2.29**, o número de viaxeiros aloxados, ao igual que no caso dos esta-

Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2007-08

2007

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
Galicia	3.756.355	3.019.035	737.320	8.055.530	6.619.410	1.436.120	2,14
A Coruña	1.667.339	1.263.391	403.948	3.412.565	2.652.315	760.250	2,05
Lugo	512.473	425.940	86.533	866.158	735.494	130.664	1,69
Ourense	312.122	288.677	23.445	625.915	579.811	46.104	2,01
Pontevedra	1.264.421	1.041.027	223.394	3.150.892	2.651.790	499.102	2,49
España	84.733.722	48.821.933	35.911.789	272.331.170	116.831.285	155.499.885	3,22

2008

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Total	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
Galicia	3.525.869	2.833.747	692.122	7.789.514	6.431.783	1.357.731	2,21
A Coruña	1.504.835	1.144.806	360.029	3.301.457	2.596.874	704.583	2,19
Lugo	528.108	428.217	99.891	876.940	735.016	141.924	1,66
Ourense	322.342	293.352	28.990	616.055	549.893	66.162	1,91
Pontevedra	1.170.584	967.372	203.212	2.995.062	2.550.000	445.062	2,56
España	82.951.290	47.181.939	35.769.351	268.407.113	113.011.484	155.395.629	3,24

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.2.28.

Viaxeiros, pernoitas, grao de ocupación e estadia media en establecementos de turismo rural en Galicia e España 2007-08

		2007		2008	
		Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros		169.994	2.661.357	162.881	2.626.821
Residentes		150.610	2.395.969	144.420	2.365.426
Non residentes		19.384	265.388	18.461	261.395
Pernoitas		376.271	7.969.361	362.850	7.846.078
Residentes		339.525	6.658.467	325.165	6.480.762
Non residentes		36.746	1.310.894	37.685	1.365.316
Grao de ocupación media	(%)	17,6	20,8	17,6	21,8
fin de semana		27,4	33,7	26,4	30,5
Estadia media	(en días)	2,21	2,99	2,23	2,99
Residentes		2,25	2,78	2,25	2,74
Non residentes		1,90	4,94	2,04	5,22

(1) media anual

Fonte: INE, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural

3.2.29.

Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia

Tendo en conta que o turismo é unha actividade transversal que engloba diferentes sectores e profesións, en constante adaptación aos cambios sociais e suxeita a unha forte competencia, o **obxecto** desta lei é a ordenación deste subsector económico, así como o establecemento dos principios básicos en materia de planificación, promoción e fomento do turismo.

A Lei establece que as **políticas** terán que ir dirixidas á consecución dos seguintes fins:

- Promoción e estímulo dun sector competitivo e de calidade;
- Promoción de cooperación interterritorial;
- Impulso da desestacionalización e da diversificación da oferta;
- Establecemento de estándares que garantan a sustentabilidade do desenvolvemento turístico e a conservación e difusión do patrimonio de Galicia;
- Fomento da autorregulación o sector;
- Impulso do turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galegas;
- Erradicación da clandestinidade e da competencia desleal;
- Impulso da profesionalización do sector;
- Impulso de programas de I+D que faciliten a

incorporación das empresas turísticas galegas á sociedade do coñecemento;

- Promoción da comercialización dos recursos e das empresas turísticas fóra de Galicia;
- Promoción de Galicia como marca turística de calidade, coa garantía do seu tratamento unitario na difusión interior e exterior dos recursos do país;
- Estímulo aos procesos de cooperación e asociaciónismo entre as empresas e entre profesionais dos distintos sectores turísticos;
- Fomentar a actividade turística para conseguir o equilibrio territorial entre as distintas zonas de Galicia.

Asemade, cómpre salientar a incorporación no Título II da Lei do **Consello Regulador do Turismo de Galicia**, que é un órgano consultivo da consellaría competente nesta materia encargado de colaborar cos órganos executivos desta para garantir o cumprimento da normativa aplicable, así como na ordenación, no fomento e no control da calidade dos establecementos e servizos do sector.

blecementos hoteleiros, descende ao longo do ano 2008. Neste ano, tras unha caída do 4,2%, o número de viaxeiros acadou as 162.881 persoas, sendo o número de pernoitas de 362.850, un 3,6% inferior ao rexistrado no ano anterior. Tendo en conta que en España o seu descenso foi do 1,3% e 1,5%, respectivamente, a súa importancia relativa descende ata o 6,2% no caso dos viaxeiros e o 4,6% no das pernoitas.

O grao de ocupación por praza situouse en 2008 en Galicia no 17,6%, sendo esta porcentaxe nove puntos superior no fin de semana (21,8% de media en España). A estadía media nos establecementos galegos situouse en 2,2 días, oito décimas por baixo da media estatal.

Atendendo á procedencia dos viaxeiros entrados nos establecementos de turismo rural, cómpre salientar que noventa de cada cen persoas que se aloxaron nestes establecementos en 2007 son residentes en España. O 52,8% dos turistas aloxados son galegos e dezaoto de cada cen son madrileños.

No que á actividade normativa se refire, cómpre salientar a aprobación da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, que ten por obxecto tanto a ordenación do sector como o establecemento do principios básicos en materia de planificación, promoción e fomento do turismo. No seu Ditame 6/08 sobre o anteproxecto de Lei de turismo de Galicia, o CES valora positivamente a regulación do turismo en Galicia, adaptándose aos condicionantes externos e aos cambios xurdidos no sector nos derradeiros anos.

A Lei parte da consideración do alto potencial económico deste sector, do seu papel na preservación do patrimonio cultural e natural, así como da súa contribución ao diálogo intercultural e ao fortalecemento da propia identidade. O que se trata, segundo se recolle na exposición de motivos, é dunha aposta pola calidade e pola innovación que aproveite as vantaxes diferenciais da oferta turística galega para acadar un forte impacto no mercado o que avalaría a proxección de Galicia como marca turística e global de calidade.

• Transporte

A modo de síntese, como reflicte o **cadro 3.2.30.**, a estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como no de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo no caso das mercadorías.

A venda total de combustibles líquidos incrementouse en Galicia o longo do ano 2008 un 5,5% respecto ao ano anterior, acadando un total de 3.753,5 miles de toneladas. Esta medra ven motivada pola evolución do gasóleo e do fuelóleo, cuxas vendas medraron un 6,9% e un 7,2% respecto ás do ano anterior. As vendas de gasolina volven a descender no último ano (3,7%).

No caso do transporte urbano, o número de viaxeiros transportados en autobús rexistrou un descenso do 3% en relación ao ano 2007, acadando os 62,8 millóns de viaxeiros en 2008. Comparado co total estatal, estes viaxeiros representan o 3,4% do total de viaxeiros transportados en autobús.

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2007-08: datos xerais

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2007	2008	08/07 (%)	2007	2008	08/07 (%)
Estrada (1)	(en miles de Tm.) 110.707	106.921	-3,4	(en miles de persoas) 64.717	62.800	-3,0
Ferrocarril (2)	2.030.052	1.442.702	-28,9	319.428	360.153	12,7
Marítimo (3)	(en Tm.) 34.103.291	32.597.231	-4,4	(en persoas) 205.357	557.849	171,6
Marítimo (4)	1.489.602	1.623.882	9,0	1.393.536	1.638.510	17,6
Aéreo (5)	4.993.887	4.184.308	-16,2	4.667.954	4.357.201	-6,7

(1) os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ao transporte urbano en autobús

(2) datos con orixe nas estacións galegas. Os datos de viaxeiros corresponde aos de longa distancia

(3) tráfico nos portos do Estado

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia.

(5) non se inclúen Outras Clases de Tráfico (OTC)

Fonte: INE, Puertos del Estado, Renfe Operadora, AENA e Portos de Galicia

3.2.30.**Transporte urbano e metropolitano nas CC.AA. 2007-2008:
viaxeiros transportados en autobús e metro**

	2007	2008 (1)	08/07 (%)
	(en miles de persoas)		(%)
Total autobús	1.857.594	1.830.096	-1,5
Andalucía	247.220	253.756	2,6
Aragón	129.943	138.620	6,7
Asturias	39.867	43.053	8,0
Canarias	57.952	48.268	-16,7
Castela e León	75.071	75.883	1,1
Castela - A Mancha	17.989	22.750	26,5
Cataluña	339.581	330.582	-2,7
C. Valenciana	147.835	144.862	-2,0
Extremadura	13.417	13.278	-1,0
Galicia	64.717	62.800	-3,0
Madrid	516.810	479.879	-7,1
Murcia	21.573	20.869	-3,3
País Vasco	75.748	82.666	9,1
Outras	109.872	112.828	2,7
Total metro	1.213.351	1.217.485	0,3
Barcelona	369.327	377.789	2,3
Bilbao	85.953	86.323	0,4
Madrid	690.108	685.539	-0,7
Valencia	67.962	67.835	-0,2

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Estadística de transporte de viajeros

3.2.31.

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2007-08: mercadorías cargadas e descargadas

	2007		2008		08/07
	(en miles de Tm.)	(% interrexional)	(en miles de Tm.)	(% interrexional)	(%)
Andalucía	268.933	19,3	228.516	22,5	-15,0
Aragón	96.125	55,3	92.404	52,5	-3,9
Asturias	57.438	37,3	47.285	41,7	-17,7
Baleares	22.985	-	19.075	-	-17,0
Canarias	35.012	-	26.490	-	-24,3
Cantabria	43.452	45,8	37.868	44,7	-12,9
Castela-A Mancha	169.649	58,1	139.862	57,3	-17,6
Castela e León	176.839	40,2	165.987	40,4	-6,1
Cataluña	311.695	24,3	286.925	26,3	-7,9
C. Valenciana	266.279	33,4	235.812	34,8	-11,4
Extremadura	38.905	43,5	33.343	48,0	-14,3
Galicia	110.707	22,4	106.921	25,4	-3,4
Madrid	186.905	52,4	153.434	55,6	-17,9
Murcia	81.492	49,2	70.140	52,3	-13,9
Navarra	47.058	59,2	50.792	55,4	7,9
País Vasco	117.683	45,8	109.654	46,0	-6,8
A Ríoxa	23.304	57,6	20.219	66,2	-13,2
Total	1.673.517	22,3	1.474.552	28,3	-11,9

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.32.

O volume de mercadorías transportadas en Galicia experimentou unha caída inferior á do conxunto do Estado. Ao longo do 2008, tras un descenso do 3,4% (8,5 puntos por baixo da media estatal) o número de toneladas transportadas en Galicia ascendeu a 106.921 miles de toneladas (o 7,3% do total estatal). O **cadro 3.2.32.** amosa un novo incremento do peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego, que ascendeu ata o 25,4% (tres puntos máis que en 2007), sendo en España esa porcentaxe do 28,3%.

O volume total de mercadorías transportadas por ferrocarril continuou coa súa caída, cun descenso do 28,9% respecto ao ano anterior. Todas as provincias galegas presentan en 2008, **cadro 3.2.33.**, unha redución do volume de mercadorías, salientando a rexis-

trada en A Coruña (40,6%) e, en menor medida, en Pontevedra (810,6%). A pesar desta evolución, A Coruña acolle máis da metade do tráfico ferroviario, por diante de Pontevedra, que abrangue o 37,3%. Por contra, o número de viaxeiros con orixe nas estacións galegas medra máis dun 12% en relación ao rexistrado no ano anterior, sendo esta porcentaxe do 27,6% no conxunto do Estado. En 2008, 360.153 persoas subíronse a trens de longo percorrido con orixe en Galicia, o que representa o 1,5% do total estatal.

No concernente ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral creceu de xeito importante ao longo de 2008, motivado polo incremento rexistrado no porto de Vigo, onde o tráfico de pasaxeiros multiplicouse por 3,3. En termos

Tráfico ferroviario de viaxeiros ⁽¹⁾ e mercadorías ⁽²⁾ en Galicia e España 2007-08

	2007		2008		08/07	
	Viaxeiros (1)	Mercadorías (2)	Viaxeiros	Mercadorías	Viaxeiros (%)	Mercadorías (%)
Galicia	319.428	2.030.052,5	360.153	1.442.702,0	12,7	-28,9
A Coruña	113.874	1.260.673,4	133.463	748.863,0	17,2	-40,6
Lugo	42.322	66.595,5	46.899	60.869,0	10,8	-8,6
Ourense	83.352	101.081,6	90.218	95.232,0	8,2	-5,8
Pontevedra	79.880	601.702,0	89.573	537.738,0	12,1	-10,6
España	18.304.296	24.737.002,0	23.357.451	22.016.088,0	27,6	-11,0

(1) longa distancia

(2) mercadorías en orixe, en Tm.

Fonte: Renfe Operadora

3.2.33.

absolutos, o volume total de pasaxeiros ascendeu no último ano a 557.849 persoas (o 2,1% do total estatal), dos que o porto de Vigo absorbeu case o noventa por cento dos pasaxeiros (491.591 persoas).

Por contra, o ano 2008 presentou unha caída do tráfico portuario de mercadorías. Os portos de interese xeral moveron un total de 32.597,2 miles de toneladas (o 6,9% do total estatal), sendo o de A Coruña o de maior movemento, ao acoller o 39,4% do tráfico total de mercadorías (12.841,2 miles de toneladas), por diante do porto de Ferrol-San Cibrao, que tras unha medra do 9,6%, acolle o 37,2% do tráfico (12.130,1 miles de toneladas). Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás o de Ferrol-San Cibrao, rexistran descensos no movemento de mercadorías, salientando o de A Coruña, cunha caída en torno ao millón e medio de toneladas (10,6%).

O movemento de mercadorías máis importante, en

termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 14.252,8 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 65% (9.257,7 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 23,1% (3.286,2 miles de toneladas). Séguelle en importancia o volume do movemento de graneis líquidos, con 9.899,5 miles de toneladas, das que tes cuartas partes (7.454,0 miles de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

Asemade, hai que salientar a elevada importancia relativa do tráfico de pesca fresca. Trala medra experimentada nos portos galegos, estes moven case o 60% do tráfico portuario de pesca fresca no ano 2008, sendo o porto de Vigo o máis importante ao acoller o 71,3% do total de Galicia (88.817 toneladas) e case o 41,4% do total dos portos de interese xeral de España.

Nos portos pertencentes a Portos de Galicia, o tráfico total de mercadorías cargadas e descargadas no últi-

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2007-08

	Pasaxeiros		
	2007	2008	08/07 (%)
Total	205.357	557.849	171,6
Ferrol-San Cibrao	3.158	3.151	-0,2
A Coruña	50.294	57.817	15,0
Marín-Pontevedra	-	-	-
Vigo	146.935	491.591	234,6
Vilagarcía	4.970	5.290	6,4
Total Portos do Estado	26.017.407	26.449.397	1,7
Galia / España (%)	0,8	2,1	

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.34.
Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2007-08

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008
	(en Tm.)					
Ferrol-San Cibrao	1.479.655	2.084.022	8.727.877	9.257.736	832.489	759.976
A Coruña	8.345.413	7.454.026	4.137.065	3.286.233	1.399.213	1.688.224
Marín-Pontevedra	10	-	937.577	786.030	977.312	727.679
Vigo	81.189	57.215	631.291	456.435	4.309.901	4.082.812
Vilagarcía	416.135	304.227	570.068	466.415	205.305	274.781
Total	10.322.402	9.899.490	15.003.878	14.252.849	7.724.220	7.533.472
Total Portos do Estado	150.804.470	153.722.765	116.802.856	101.144.254	200.656.338	203.697.495
G/E (%)	6,8	6,4	12,8	14,1	3,8	3,7
	Pesca fresca		Avituallamento		Total	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008
	(en Tm.)					
Ferrol-San Cibrao	120	142	27.452	28.212	11.067.593	12.130.088
A Coruña	27.934	32.010	461.810	380.747	14.371.435	12.841.240
Marín-Pontevedra	3.644	3.546	43.481	28.441	1.962.024	1.545.696
Vigo	89.723	88.817	390.840	344.845	5.502.944	5.030.124
Vilagarcía	-	-	7.787	4.660	1.199.295	1.050.083
Total	121.421	124.515	931.370	786.905	34.103.291	32.597.231
Total Portos do Estado	226.167	214.181	14.621.484	13.752.592	483.111.315	472.531.287
G/E (%)	53,7	58,1	6,4	5,7	7,1	6,9

Fonte: Ministerio de Fomento

3.2.35.

**Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia
2007-08**

	2007		2008		08/07
	(en Tm.)	(%)	(en Tm.)	(%)	(%)
A Pobra	97.472	6,0	118.883	7,3	22,0
Burela	30.231	1,9	68.861	4,2	127,8
Cangas	52	0,0	-	-	-
Cariño	696.963	42,9	747.744	46,0	7,3
Cee	193.714	11,9	145.639	9,0	-24,8
Laxe	-	-	59.752	3,7	-
Pontecesures	2.170	0,1	2.250	0,1	3,7
Ribadeo	358.388	22,1	334.766	20,6	-6,6
Ribeira	30.899	1,9	30.271	1,9	-2,0
Sada-Fontán	4.050	0,2	823	0,1	-79,7
Viveiro-Celeiro	75.569	4,7	114.799	7,1	51,9
Total	1.489.602	92	1.623.882	100	9,0

Fonte: Portos de Galicia

3.2.36.

mo ano medrou un 9% para situarse nas 1.623.882 toneladas. O porto de Cariño segue sendo o que presenta o maior movemento de mercadorías, con 747.744 toneladas (un 7,3% máis que en 2007), seguido do porto de Ribadeo, que tras un novo descenso, acada as 334.766 toneladas (un 6,6% menos). Entre ámbolos dous portos acollen as dúas terceiras partes do volume total de mercadorías (**cadro 3.2.36.**).

En relación ao transporte marítimo cómpre facer referencia á nova Lei 2/2008, de 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia. A Lei establece ademais o Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo como instrumento fundamental que debe servir para coordinar a axeitada prestación de servizos co control do cumprimento da normativa vixente en materia de portos, de persoas consumidoras e usuarias e de seguri-

dade marítima. Asemade, regula o réxime sancionador, que debe funcionar como garantía do axeitado funcionamento do rexistro e do cumprimento dos seus obxectivos.

O CES considera no seu ditame 9/2007, sobre o anteproxecto de Lei pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, que o desenvolvemento regulamentario do presente anteproxecto de lei debería contemplar adecuadamente os dereitos e deberes dos consumidores e usuarios do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiras en augas interiores de Galicia, así como os requisitos para exercer-la actividade, a cobertura dun seguro de responsabilidade civil e calquera outro concepto contido no obxecto do anteproxecto.

No que atinxe ao transporte aéreo, 2008 non foi un

Tráfico comercial aéreo 2007-08: operacións, pasaxeiros e mercadorías ⁽¹⁾

operacións					
	2007	2008			07/06
		Total	Nacional	Internacional	
					(%)
A Coruña	13.239	12.588	10.997	1.591	-4,9
Santiago	22.088	19.916	16.887	3.029	-9,8
Vigo	16.665	15.017	11.820	3.197	-9,9
Total	51.992	47.521	39.704	7.817	-8,6
Total España	2.127.500	2.057.744	919.870	1.137.874	-3,3
G/E (%)	2,4	2,3	4,3	0,7	
pasaxeiros					
	2007	2008			08/07
		Total	Nacional	Internacional	
					(%)
A Coruña	1.251.597	1.161.102	1.070.457	90.645	-7,2
Santiago	2.010.743	1.917.426	1.569.303	348.123	-4,6
Vigo	1.405.614	1.278.673	1.157.024	121.649	-9,0
Total	4.667.954	4.357.201	3.796.784	560.417	-6,7
Total España	208.546.307	203.793.594	89.047.025	114.746.569	-2,3
G/E (%)	2,2	2,1	4,3	0,5	
mercadorías					
	2007	2008			08/07
		Total	Nacional	Internacional	
		(en Kg.)			(%)
A Coruña	291.307	283.571	281.610	1.961	-2,7
Santiago	2.749.964	2.418.798	2.364.224	54.574	-12,0
Vigo	1.952.616	1.481.939	813.105	668.834	-24,1
Total	4.993.887	4.184.308	3.458.939	725.369	-16,2
Total España	624.107.905	629.591.461	200.181.880	429.409.581	0,9
G/E (%)	0,8	0,7	1,7	0,2	

(1) non se inclúen Outras Clases de Tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
Fonte: AENA

3.2.37.

bo ano para os tres aeroportos galegos, que amosan un descenso tanto do número de operacións como de pasaxeiros e mercadorías. O número de aeronaves nos aeroportos galegos descendeu un 8,6% respecto ao ano precedente como resultado dunha caída de case un 10% en Vigo e Santiago, e do 4,9%, en A Coruña. Ao longo do ano 2008, o número total de operacións foi de 47.521, das que o 41,9% se realizan no aeroporto de Santiago (19.916 aeronaves), fronte ao 31,6% en Vigo (15.017 aeronaves) e ao 26,5% en A Coruña (12.588 aeronaves).

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos descendeu ata os 4.357.201 persoas, un 6,7% inferior ao rexistrado en 2007. Tanto en termos absolutos como relativos, a diminución máis importante rexistrouse no aeroporto de Vigo, con case 127.000 pasaxeiros menos que no ano anterior (9%). Santiago segue sendo quen acolle ao maior número de viaxeiros, con 1.917.426 pasaxeiros (o 44% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Vigo, con 1.278.673 persoas (29,3%) e A Coruña, con 1.161.102 pasaxeiros (26,6%).

En relación ao tráfico de mercadorías, e ao igual que no caso dos pasaxeiros, Peinador é o aeroporto con maior impacto da crise, ao descender un 24,1% o volume total de mercadorías transportadas (16,2% no conxunto de Galicia). Santiago, tras un descenso do 12%, acolle o 57,8% das mercadorías transportadas en Galicia, en tanto que o de Vigo acolle o 35,4 de tráfico aeroportuario, e o de A Coruña, o 6,8%. ■

3.3.- Sector exterior

Unha vez analizado nos dous puntos anteriores tanto o desenvolvemento do tecido empresarial galego como a súa actividade produtiva, o obxectivo deste capítulo é coñecer a actividade comercial das empresas galegas.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda externa, que en 2007 detraía 1,3 puntos ao crecemento do PIB, pasa a ser o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB agregado dun punto porcentual. Este comportamento do sector exterior veu motivada por unha caída das importacións que é máis dun punto porcentual superior á rexistrada no caso das exportacións galegas.

En termos absolutos, as exportacións galegas tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 36.903,7 millóns de euros (prezos correntes) e que as importacións ascenderon a 46.657,9 millóns de euros. No último ano a taxa de cobertura mantense lixeiramente por riba do 79% en tanto que o grado de apertura da economía galega descende ata o 148,1% (151,2% no ano anterior).

O principal mercado dos nosos produtos o constitúe o resto das comunidades autónomas españolas, ao acoller o 66,9% das importacións e o 57,7% das exportacións galegas. Asemade, cómpre salientar unha nova medra do déficit comercial das relacións co resto das CC.AA., que se situou nos 9.906,3 millóns de euros.

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, Galicia mantén en 2008 o saldo positivo da súa balanza comercial. Ao igual que en anos anteriores,

cómpre salientar que máis das tres cuartas partes das vendas galegas a terceiros países diríxense á Unión Europea e máis da metade das compras proveñen desta zona xeográfica. Asemade, mantense o elevado peso relativo dos dez primeiros capítulos de importación e exportación, que supoñen máis do 75% do valor total das mesmas.

Comercio exterior con terceiros países

A actividade comercial rexistrou en Galicia no ano 2008 unha caída do 5,3% respecto aos datos do ano anterior cando medrara a unha taxa superior ao sete por cento. Por contra, no conxunto do Estado, tras unha medra superior ao 6% no ano 2007, a taxa de actividade permanece practicamente constante. A economía galega presenta no ano analizado unha caída das exportacións do 6,3% (medran un 1,7% de media en España) e do 4,3% no caso do valor das importacións (tres puntos por riba da media estatal).

No último ano mantívose o superávit da balanza comercial galega, que se sitúa en 152,1 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2007 presentaba un saldo positivo de 518,6 millóns de euros. Ao igual que sucedía en anos anteriores, o saldo comercial é positivo nas provincias de Ourense e, especialmente, Pontevedra, sendo negativo nas outras dúas provincias.

A diferenza do acontecido en 2007, hai que destacar o importante descenso da actividade comercial na provincia de Pontevedra (14%), incrementándose nas outras tres provincias. Pola contra, Ourense é a pro-

Importacións e exportacións 2007-08: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008
	(en millóns de €)				(%)			
Total (1)	45.302,2	46.657,9	36.101,5	36.903,7	-9.200,7	-9.754,2	79,7	79,1
Resto de CC.AA. (2)	29.151,6	31.196,0	19.432,3	21.289,7	-9.719,2	-9.906,3	66,7	68,2
UE e terceiros países	16.150,6	15.461,9	16.669,2	15.614,0	518,6	152,1	103,2	101,0
Europa	10.822,1	9.251,1	12.768,8	12.768,8	1.946,8	3.517,7	118,0	138,0
Unión Europea	9.456,6	8.392,4	12.325,1	11.846,5	2.868,5	3.454,1	130,3	141,2
Europa Oriental	441,3	345,1	79,1	116,9	-362,2	-228,2	17,9	33,9
Países EFTA	596,5	297,6	756,4	431,4	159,9	133,8	126,8	145,0
Resto de Europa	327,7	215,9	270,3	253,5	-57,4	37,6	82,5	117,4
África	1.608,1	2.296,3	741,9	918,2	-866,2	-1.378,2	46,1	40,0
América	2.209,2	2.278,2	1.714,5	1.283,1	-494,7	-995,1	77,6	56,3
América do Norte	297,3	389,3	745,2	663,2	447,9	273,9	250,7	170,4
Islas do Caribe	38,1	160,4	335,7	51,4	297,6	-109,0	880,7	32,0
América Central	923,1	903,5	321,8	220,6	-601,3	-683,0	34,9	24,4
América do Sur	950,7	824,9	311,8	347,9	-638,8	-477,0	32,8	42,2
Asia	1.456,4	1.591,9	610,5	630,7	-846,0	-961,2	41,9	39,6
Oceanía	54,8	44,9	68,6	18,2	13,8	-26,8	125,3	40,4
Outros	-	-	102,7	115,7	102,7	115,7		

(1) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos, recollidas en IGE, *Contas Económicas Anuais*

(2) diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países
Fonte: IGE e ICEX

3.3.1.

Importacións e exportacións de Galicia e España á UE e resto do mundo 2007-08

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(en millóns de €)			(en millóns de €)			(en millóns de €)		
	(%)			(%)			(%)		
A Coruña	7.233,5	7.750,7	7,1	6.183,2	6.202,9	0,3	-1.050,4	-1.547,8	-497,4
Lugo	774,4	836,2	8,0	462,4	501,4	8,4	-312,0	-334,8	-22,8
Ourense	394,6	415,2	5,2	591,5	590,6	-0,2	196,9	175,4	-21,5
Pontevedra	7.748,1	6.459,9	-16,6	9.432,1	8.319,1	-11,8	1.684,0	1.859,2	175,2
Galicia	16.150,6	15.461,9	-4,3	16.669,2	15.614,0	-6,3	518,6	152,1	-366,5
España	285.038,3	282.251,3	-1,0	185.023,2	188.184,4	1,7	-100.015,1	-94.066,9	5.948,2
G/E	5,7	5,5		9,0	8,3				

Fonte: ICEX

3.3.2.

Importacións e exportacións 2008: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	08/07	peso relativo	Galicia/España	Importe	08/07	peso relativo	Galicia/España
	(en millóns de €)		(%)		(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	3.289,3	20,0	21,3	5,8	558,9	34,5	3,6	4,6
Non enerxéticos	12.172,6	-9,2	78,7	5,4	15.055,1	-7,4	96,4	8,5
Sector primario	3.046,9	-4,4	19,7	8,1	2.710,0	0,3	17,4	8,0
Produtos agrícolas	2.241,0	-1,7	14,5	8,4	1.954,8	0,3	12,5	7,1
Materias primas	806,0	-11,1	5,2	7,6	755,2	0,4	4,8	11,9
Semimanufacturas	3.097,8	0,4	20,0	4,8	1.938,2	13,9	12,4	3,7
Industria química	1.160,8	8,3	7,5	3,0	602,8	-3,0	3,9	2,1
Metais	1.814,1	-3,0	11,7	7,7	1.013,2	41,1	6,5	5,3
Outras semimanufacturas	122,9	-14,4	0,8	4,6	322,2	-11,1	2,1	6,7
Manufacturas	6.027,9	-15,6	39,0	4,9	10.406,9	-12,2	66,7	11,6
Bens de equipamento	3.792,5	-20,2	24,5	4,1	6.998,8	-18,6	44,8	10,3
Maquinaria	1.140,5	4,3	7,4	2,1	1.022,3	0,8	6,5	3,7
Materiais de transporte	2.652,0	-27,5	17,2	7,2	5.976,5	-21,2	38,3	14,9
Bens de consumo	2.235,4	-6,3	14,5	7,0	3.408,1	4,8	21,8	15,5
Peletería	66,4	8,1	0,4	4,0	92,5	11,0	0,6	8,1
Téxtiles	1.756,9	-8,0	11,4	13,2	2.513,8	4,9	16,1	31,4
Outros bens de consumo	412,1	-0,7	2,7	2,4	801,8	3,7	5,1	6,3
Total	15.461,9	-4,3	100	5,5	15.614,0	-6,3	100	8,3

Fonte: ICEX

3.3.3.

vincia que presenta o maior crecemento, cun 8% en relación ao ano anterior.

• Importacións

O valor total das compras galegas ascendeu no último ano a 15.461,9 millóns de euros (688,7 millóns máis que en 2007), o que representa o 5,5% das importacións españolas. Este descenso ven como consecuencia da caída rexistrada en Pontevedra, cun 16,6%, en tanto que as compras procedentes doutros países medran no resto das provincias galegas. A provincia de A Coruña, tras unha medra do 7,1% sitúase como a máis importante no que ao valor das importacións se

refire, acollendo o 50,1% do mesmo (Pontevedra abrangue o 41,8%)

Mentres que o valor das compras exteriores dos produtos enerxéticos medrou un 20%, e o das semimanufacturas permaneceu practicamente constante, os outros tres grandes sectores considerados -primario, bens de equipamento e bens de consumo- experimentaron unha caída do importe das compras realizadas no exterior. O descenso máis acusado rexístrase no caso dos bens de equipamento, cunha redución superior ao 20%, en tanto que os produtos de bens de consumo presentan unha variación interanual de -6,3% e o dos produtos primarios, do 4,4%.

Dado o peso do sector da automoción e, en menor medida, do capítulo de navegación marítima ou fluvial, cómpre destacar o sector de bens de equipamento, que representa a cuarta parte do valor das importacións galegas (o 17,2% das compras corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle case o 20% das importacións galegas, e dentro deste, ao subsector de produtos agrícolas, co 14,5% do valor total das compras.

En canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, destaca a importancia do subsector téxtil, que representa o 13,2% das importacións españolas deste sector, seguido polas actividades englobadas dentro dos subsectores dos produtos agrícolas, que supoñen o 8,4% das compras españolas.

Se a análise descende ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.4.**, os dous primeiros capítulos importadores acollen o 38% do valor das importacións galegas. O capítulo 27 (combustibles minerais e aceites minerais, os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais) que tras unha medra do 20%, representa o 21,3% das importacións, sitúase como o primeiro capítulo importador, por diante do relativo ao de “automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87), que tras descender un 28,4%, supón o 16,7% do valor total das compras.

Como é habitual, as importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, **cadro 3.3.1.**, o 54,3% do valor total das

compras procede da UE (8.392,4 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América central, co 5,8% (903,5 millóns de euros). O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 2.538,2 millóns de euros, seguida de Portugal, con 2.106,8 millóns.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Unión Europea segundo capítulos, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.538,2 millóns de euros, o que representa o 30,2% das importacións procedentes desa área económica e un 98,1% do valor total das correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 72 (Fundición, ferro e aceiro), cun importe de 1.141,3 millóns de euros, representando o 13,6% do total das importacións galegas que veñen dos países da UE e o 92,5% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

Tanto no caso de Francia como no de Portugal, ambos os dous capítulos son os máis importantes en termos absolutos. Con todo, mentres que en Francia representan o 84% das compras nese país, en Portugal esta porcentaxe só é do 36,7%.

• Exportacións

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, o valor total das vendas ao exterior descenderon en Galicia no ano 2008. Tras unha caída do 6,3%, o importe total das exportacións a terceiros países acadou no último ano os 15.614,0 millóns de euros, o que

Importacións 2008: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia e Portugal

Nº	Cap.	Denominación	Importe	Peso relativo	Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)		
1	27	Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	3.289,3	21,3	377,9	11,1	48,2
2	87	Automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	2.588,1	16,7	2.538,3	1.865,8	313,2
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.303,0	8,4	341,7	74,9	122,9
4	72	Fundición, ferro e aceiro	1.233,9	8,0	1.141,3	477,0	461,4
5	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	850,4	5,5	153,0	3,2	113,0
6	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	605,7	3,9	481,2	26,6	19,0
7	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	534,8	3,5	379,4	27,0	28,3
8	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	506,3	3,3	251,1	2,2	190,9
9	30	Produtos farmacéuticos	393,2	2,5	309,1	8,7	0,1
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	332,1	2,1	214,1	10,4	150,8
Total dos principais capítulos			11.636,9	75,3	6.187,1	2.506,9	1.447,8
Resto			3.825,1	24,7	2.205,3	280,8	659,0
Total			15.461,9	100	8.392,4	2.787,7	2.106,8

Fonte: ICEX

3.3.4.**Exportacións 2008: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia e Portugal**

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	5.815,0	37,2	5.035,9	4.504,1	183,1
2	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.334,9	8,5	1.055,8	189,2	202,2
3	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	881,2	5,6	716,1	105,9	136,0
4	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	877,5	5,6	717,9	51,3	317,4
5	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	695,1	4,5	185,3	45,2	31,8
6	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	558,9	3,6	231,1	30,0	90,4
7	72	Fundición, ferro e aceiro	513,0	3,3	321,5	7,0	201,2
8	99	Conxunto doutros produtos	413,3	2,6	2,8	0,8	1,3
9	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	413,0	2,6	374,4	91,4	65,4
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	383,1	2,5	315,5	35,1	148,9
Total dos principais capítulos			11.885,1	76,1	8.956,4	5.060,0	1.377,7
Resto			3.728,9	23,9	2.890,1	423,7	1.061,5
Total			15.614,0	100	11.846,5	5.483,8	2.439,2

Fonte: ICEX

3.3.5.

representa o 8,3% das exportacións españolas (sete décimas menos que en 2007).

A pesar da caída de case un 12% das exportacións pontevedresas respecto ao ano 2007, Pontevedra segue a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 53,3% das exportacións galegas. Séguelle en importancia A Coruña, que despois dunha medra do 0,3%, acada o 39,7% das exportacións de Galicia.

Atendendo á desagregación sectorial, o **cadro 3.3.3.** reflicte que, a diferenza do acontecido no ano anterior, se produce unha medra das exportacións do sector enerxético e un descenso no conxunto dos sectores non enerxéticos. Dentro deste último grupo, hai que destacar, dunha banda, unha caída superior ao 18% do importe das exportacións de bens de equipamento, e doutra, a medra do 13,9% das exportacións de semimanufacturas e do 4,8% no caso do grupo de bens de consumo.

O subsector dos materiais de transporte, a pesar da forte redución das súas vendas, representa o 38,3% das exportacións galegas (o sector de bens de equipamento abrangue o 44,8% do valor das exportacións). Asemade, hai que mencionar o comportamento das actividades dos téxtiles, que tras unha medra do 4,9% representan o 16,1% do valor total das exportacións galegas, e ao subsector de produtos agrícolas, que acolle o 12,5% das vendas (o conxunto do sector primario representa o 17,4% das vendas galegas).

No concernente ao peso relativo no valor total das exportacións españolas, Galicia representa o 13,2%

das vendas ao exterior do sector téxtil español, fronte ao 8,4% da produción agrícola e o 7,2% do sector de materiais de transporte.

Ao igual que no caso das importacións, o capítulo máis importante en canto ao importe das mesmas é o do “automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”, que concentra o 37,2% das exportacións galegas. A continuación estarían os capítulos correspondentes á “prendas e complementos de vestir, agás os de punto”, que representa o 8,5% das vendas, e á “prendas e complementos de vestir, de punto”, co 5,6% do valor total das exportacións.

A Unión Europea concentra as tres cuartas partes do valor total das exportacións galegas (11.846,5 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 5.483,8 millóns de euros. Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.439,2 millóns de euros.

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 3.3.5.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 5.035,9 millóns de euros, o que representa o 42,5% das exportacións á UE. O segundo capítulo exportador, o capítulo 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto), cun importe de 1.055,8 millóns de euros, representa tan só o 8,9% do total das vendas a eses países.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2007-08

	2007		UE-27	2008		UE - 27	08/07
	Total			Total			
	(en millóns de €)	(%)		(en millóns de €)	(%)		(%)
Andalucía	245,8	0,8	147,7	196,2	0,7	126,9	-20,2
Aragón	208,8	0,7	207,1	99,1	0,3	84,7	-52,6
Asturias	8,3	0,0	4,6	7,0	0,0	5,4	-16,3
Baleares	144,4	0,5	91,6	504,8	1,8	428,5	249,5
Canarias	127,9	0,4	118,3	17,5	0,1	9,2	-86,3
Cantabria	59,4	0,2	57,3	46,5	0,2	27,9	-21,7
Castela e León	23,2	0,1	14,6	45,7	0,2	21,2	97,1
Castela-A Mancha	22,2	0,1	21,6	88,9	0,3	88,1	299,8
Cataluña	2.597,8	8,8	1.784,1	2.124,4	7,4	1.912,0	-18,2
C. Valenciana	1.740,4	5,9	1.728,0	256,2	0,9	214,4	-85,3
Extremadura	3,7	0,0	1,2	4,9	0,0	1,1	32,5
Galicia	50,1	0,2	33,8	22,5	0,1	15,3	-55,0
Madrid	22.714,2	76,9	22.124,3	23.802,7	82,7	23.237,8	4,8
Murcia	42,3	0,1	39,1	189,1	0,7	181,5	346,5
Navarra	9,6	0,0	9,4	15,9	0,1	7,9	65,1
País Vasco	1.351,4	4,6	1.321,4	239,6	0,8	229,3	-82,3
A Rioxa	2,8	0,0	2,3	0,4	0,0	0,3	-86,2
Ceuta-Melilla	2,6	0,0	2,6	0,6	0,0	0,0	-75,9
Sen asignar	182,7	-	160,9	1.130,9	3,9	986,4	519,1
Total	29.537,8	100	27.869,9	28.792,9	100	27.578,0	-2,5

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

3.3.6.

87, que acolle o 82,1% das vendas a ese país e máis das tres cuartas partes das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. No caso portugués, no ano 2008 o principal capítulo é o 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) ao acoller o 13% das vendas galegas a Portugal.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

O último ano presentou un forte descenso tanto do volume de investimento directo estranxeiro en Galicia como do alego no exterior, sendo esta caída superior ao 55% nos dous casos.

Os datos do Registro de inversiones españolas en el

exterior reflicten que o investimento directo estranxeiro (IDE) en Galicia ao longo do último ano reduciuse en máis da metade do realizado en 2007, acadando un total de 22,5 millóns de euros. Este investimento supón o 0,1% do IDE en España, acollendo Madrid o 82,7% do mesmo e Cataluña un 7,4%. (**cadro 3.3.6.**).

A UE-27 é a responsable do 67,7% do investimento estranxeiro en Galicia no último ano (15,3 millóns de euros), porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado, que supera o 95%. As empresas de Francia e Portugal foron as principais investidoras en Galicia, con 8,1 e 3,8 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE, o principal investidor na comunidade galega foi México, cun volume de investimento de 3,5 millóns de euros.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2008: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)
Sector primario	0,4	1,9	60,7	0,2	0,7
Agricultura, gandería e caza	-	-	52,2	0,2	-
Selvicultura e explotación forestal	-	-	0,9	0,0	-
Pesca e acuicultura	0,4	1,9	7,6	0,0	5,5
Industria	10,4	46,1	8.643,7	30,0	0,1
Produc.,distribuc. eléctrica, gas e auga	0,16	0,7	7.863,8	27,3	0,0
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	93,1	0,3	-
Alimentación, bebidas e tabaco	8,12	36,0	59,6	0,2	13,6
Ind. téxtil e da confección	0,02	0,1	34,8	0,1	0,1
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	31,3	0,1	-
Ind. química e transformación caucho e plásticos	1,93	8,6	195,6	0,7	1,0
Outras manufacturas	0,16	0,7	365,5	1,3	0,0
Construción	1,5	6,7	412,1	1,4	0,4
Servizos	10,2	45,4	19.671,7	68,3	0,1
Comercio	3,0	13,4	13.542,3	47,0	0,0
Hostalería	1,5	6,7	215,7	0,7	0,7
Transporte e comunicacións	0,5	2,1	782,7	2,7	0,1
Intermediación financeira, banca e seguro	0,6	2,7	2.704,6	9,4	0,0
Actividades inmobiliarias	2,9	12,9	1.273,6	4,4	0,2
Outras actividades empresariais	1,1	4,9	428,2	1,5	0,3
Outros	0,6	2,8	724,4	2,5	0,1
Total	22,5	100	28.792,9	100	0,1

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

3.3.7.

Investimento bruto das CCAA no exterior 2007-2008

	2007		2008		08/07	
	Total (en millóns de €)	UE-27 (%)	Total (en millóns de €)	UE-27 (%)	Total (en millóns de €)	UE-27 (%)
Andalucía	852,3	0,8	491,7	1,3	69,7	-42,3
Aragón	419,4	0,4	50,5	0,1	45,0	-88,0
Asturias	1.798,0	1,6	3,5	0,0	1,4	-99,8
Baleares	1.503,9	1,4	1.425,2	3,7	0,3	-5,2
Canarias	997,2	0,9	264,5	0,7	39,1	-73,5
Cantabria	21.208,1	19,4	5.224,8	13,5	4.152,8	-75,4
Castela e León	102,2	0,1	147,6	0,4	45,3	44,4
Castela-A Mancha	157,2	0,1	90,0	0,2	80,2	-42,8
Cataluña	7.197,9	6,6	7.295,3	18,9	3.597,2	1,4
C. Valenciana	1.921,1	1,8	3.260,9	8,4	1.136,4	69,7
Estremadura	131,1	0,1	1,6	0,0	1,6	-98,8
Galicia	1.526,0	1,4	644,4	1,7	333,3	-57,8
Madrid	38.570,5	35,3	14.867,8	38,5	9.211,7	-61,5
Murcia	2.170,8	2,0	64,7	0,2	49,6	-97,0
Navarra	15,6	0,0	5,1	0,0	2,8	-67,1
País Vasco	30.639,2	28,1	4.798,2	12,4	812,4	-84,3
A Rioxa	1,2	0,0	0,7	0,0	-	-43,9
Total	109.211,6	100	38.636,4	100	19.578,7	-64,6

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

3.3.8.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2008: distribución segundo ramo de actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Sector primario	97,1	15,1	108,5	0,3	89,5
Agricultura, gandería e caza	-	-	6,3	0,0	-
Selvicultura e explotación forestal	-	-	5,1	0,0	-
Pesca e acuicultura	97,1	15,1	97,1	0,3	100,0
Industria	211,0	32,7	6.908,2	17,9	3,1
Produc., distribuc. eléctrica, gas e auga	0,1	0,0	4.623,2	12,0	0,0
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	105,4	0,3	-
Alimentación, bebidas e tabaco	-	-	392,3	1,0	-
Ind. téxtil e da confección	199,3	30,9	222,3	0,6	89,6
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	321,3	0,8	-
Ind. química e transformación caucho e plásticos	5,1	0,8	129,8	0,3	3,9
Outras manufacturas	6,5	1,0	1.113,8	2,9	0,6
Construción	4,6	0,7	443,0	1,1	1,0
Servizos	263,2	40,9	29.455,5	76,2	0,9
Comercio	104,5	16,2	426,5	1,1	24,5
Hostalería	-	-	821,0	2,1	-
Transporte e comunicacións	0,1	0,0	333,2	0,9	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	29,0	4,5	6.914,6	17,9	0,4
Actividades inmobiliarias	47,1	7,3	1.701,9	4,4	2,8
Outras actividades empresariais	82,2	12,8	19.067,6	49,4	0,4
Outros	0,2	0,0	190,7	0,5	0,1
Persoas físicas (sen sector actividade)	68,5	10,6	194,6	0,5	35,2
Total	644,4	100	38.636,4	100	1,7

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

3.3.9.

O investimento estranxeiro dirixiuse fundamentalmente ás industrias de alimentación, bebidas e tabaco, con 8,1 millóns de euros, ás actividades de comercio, con 3,0 millóns de euros, e as actividades inmobiliarias, con 2,9 millóns de euros. Atendendo ao peso relativo no total estatal, cómpre mencionar a importancia do investimento nas actividades de alimentación, co 13,6%, e as pesqueiras e acuícolas en Galicia, que acollen o 5,5% do IDE en España.

O investimento galego no exterior descendeu no último ano case un 60% respecto ao rexistrado no ano anterior para situarse nos 644,4 millóns de euros.

Galicia sitúase coma a sétima comunidade que máis inviste no estranxeiro tras o Madrid, Cataluña, Cantabria, País Vasco, a C. Valenciana e Baleares. Tendo en conta a maior caída do investimento español no estranxeiro, **cadro 3.3.8.**, o peso relativo do investimento galego situouse no 1,7% (o 1,4% do investimento estatal en 2007).

O conxunto dos países da Unión Europea é o principal destino do investimento galego, co 51,7% do investimento total. Italia, Malta, Francia e o Reino Unido son os principais destinos e xuntos acollen case as tres cuartas partes do investimento na UE. Fóra da Unión,

Plan FOEXGA 2008: actuacións

	Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
			(en €)		
Misións Comerciais Directas	40	1.182.333,64	403.420,63	375.434,42	403.478,59
Misións Comerciais Inversas	14	224.947,83	90.556,62	43.229,19	91.162,02
Participación Feiras	22	803.120,76	312.940,19	327.371,42	162.809,15
Encontros Empresariais	4	87.437,41	37.546,25	29.732,90	20.158,26
Misións Exposición	4	166.464,56	56.060,29	54.343,98	56.060,29
Bolseiros no exterior	28	785.507,97	201.880,63	-	583.627,34
Outros		69.410,63	34.748,41	-	34.662,22
Total	112	3.319.222,80	1.137.153,02	830.111,91	1.351.957,87

Fonte: Consellería de Economía e Industria

3.3.10.

salienta o investimento en Estados Unidos, que recibe case a quinta parte do total investido.

As tres ramas de actividade máis importantes en canto ao volume se refire foron as relacionadas coa industria téxtil e da confección, o comercio e o subsector pesqueiro e acuícola, que concentran máis do 60% do investimento galego. Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia relativa da actividade pesqueira e acuícola, que abrangue a totalidade do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro en 2008, así como a do subsector téxtil, con case un 90%.

Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O número total de actuacións, dirixidas tanto ao eido da promoción como ao da información e formación en comercio exterior, así como o investimento realizado dentro do Plan Foexga 2008 reducíronse de xeito importante en relación ao enmarcado dentro do Plan

do ano anterior. Nas 112 accións levadas a cabo no último ano (62 menos que no ano precedente), **cadro 3.3.10.**, investíronse un total de 3.319,2 miles de euros (17,6% menos que en 2007), dos que as Cámaras de Comercio realizaron a maior achega, co 40,7% do investimento, fronte ao 34,3% aportado pola Xunta, e un 25% polas empresas.

As actuacións diríxense fundamentalmente aos países europeos, que acollen o 53,9% das accións (6,4 puntos menos que no ano anterior), fronte ao 16,4% que vai aos países asiáticos e o 11,5% aos países de América do Norte e Central. Os países de África e de América do Sur reciben o 9,6% e o 7,7% das accións "Foexga 2008", respectivamente.

As accións máis importantes no que atinxe ao número de actuacións, investimento e empresas participantes, seguen sendo as correspondentes ás misións comerciais directas e ás feiras internacionais. En conxunto, estas dúas accións acollen máis do 55% das accións totais realizadas e case o 60% do investimento total.

Nas 40 misións comerciais directas realizadas en 2008, a meirande parte das mesmas de carácter plurisectorial, participaron un total de 431 empresas. O investimento total ascendeu a 1.182,3 miles de euros, dos que as Cámaras de Comercio e a Xunta de Galicia aportan cada unha 403,4 miles de euros.

Respecto ás participacións en feiras internacionais, en 2008 realizáronse un total de 22 participacións empresariais, ascendendo o seu investimento ata os 803,1 miles de euros. A diferenza do acontecido no caso das misións comerciais directas, as empresas e a Xunta son os principais investidores, cunha achega do 40,8% e 39%, respectivamente. O número total de empresas participantes foi de 108, e os sectores económicos aos que se dirixiron foron os da pesca, naval, alimentación, vitivinícola, moda, editorial, subcontratación industrial, construción, lousa, cruceiros, moldes, mecanizados e metal. ■